

SESION ORDINARIA DE 26 DE DECEMBRO DE 2018

(Acta Número 13)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Rodríguez

Interventor:

D. Fernando Seijas Puga

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinde e seis de decembro de dous mil dezaioito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa a Secretaría D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil dezaioito, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

***COMISION DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E
MEDIO AMBIENTE***

**2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS
CONCELLOS DE O SAVIÑO E MONDOÑEDO, SOLICITANDO UNHA
MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DUN INVESTIMENTO E DUNHA ACTUACIÓN
CULTURAL INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS
2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co asunto figurado no epígrafe, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de O Saviñao e Mondoñedo, no que solicitan unha modificación de investimentos e actuacións incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

2. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:

I.- CONCELLO DE O SAVIÑAO

a) Concello de O Saviñao incluíu no programa de investimentos do Plan único 2018 o seguinte investimento:

SAVIÑAO (O)	273	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO A NAVALLOS, DO MURO (OUSENDE) A LÍMITE CON BÓVEDA, DE CRTA DE MONFORTE A XESTO (LÍMITE CON BÓVEDA); DE SOBREDA A VALDORRAMA; DE VALDORRAMA A LAMAPODRE; A PIMENTO, CORNEAS, TAIZ, CAPILLA DE GUADALUPE, DE GRUÑEDO A CHAVE; BUXÁN-LOUREDO; DE VILATIÑOSA A CORVEIXE; BUSTELO-VILARAVIDES; DE A BARXA A BUIME; DE CAZAPICO (LÍMITE MUNICIPAL); ACCESO A CAVADA, MALVEIROS E A MOSIÑOS, (según coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	245.201,01	17.281,50	262.482,51			X

b) Por acordo da Xunta de Goberno, de data 26 de outubro de 2018, concedéuselle ao Concello de O Saviñao, prorroga para a adxudicación dos investimentos nos termos indicados:

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ATA:
273	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO A NAVALLOS, DO MURO (OUSENDE) A LÍMITE CON BÓVEDA, DE CRTA DE MONFORTE A XESTO (LÍMITE CON BÓVEDA); DE SOBREDA A VALDORRAMA; DE VALDORRAMA A LAMAPODRE; A PIMENTO, CORNEAS, TAIZ, CAPILLA DE GUADALUPE, DE GRUÑEDO A CHAVE; BUXÁN-LOUREDO; DE VILATIÑOSA A CORVEIXE; BUSTELO-VILARAVIDES; DE A BARXA A BUIME; DE CAZAPICO (LÍMITE MUNICIPAL); ACCESO A CAVADA, MALVEIROS E A MOSIÑOS, (según coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS	SAVIÑAO	31-03-2019

c) A Alcaldía do Concello de O Saviñao, solicita a través de escrito con 2018RT001921 de data 19 de novembro de 2018, unha modificación do investimento incluídos no Plan Único, concretamente afecta ao investimento nº 273 do plan único 2018, aos que acompaña os novos proxectos así como documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, e que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica:

SAVIÑAO (O)	273	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO A NAVALLOS, DO MURO (OUSENDE) A LÍMITE CON BÓVEDA, DE CRTA DE MONFORTE A XESTO (LÍMITE CON BÓVEDA); DE SOBRED A VALDORRAMA; DE VALDORRAMA A LAMAPODRE; A PIMENTO, CORNEAS, TAIZ, CAPILLA DE GUADALUPE, DE GRUÑEDO A CHAVE; BUXÁN-LOUREDO; DE SANTANTUIÑO A LOUREDO ; BUSTELO-VILARAVIDES; DE O CARRASCAL A CIRCUNVALACIÓN , ACCESO A CAVADA, MALVEIROS E A MOSIÑOS, (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	245.201,01	17.281,50	262.482,51			X

d) Coa solicitude arguméntanse sucintamente as modificacións interesadas, nomeadamente “.... porque se detectou que se incluíron obras que estaban incluídas noutro proxecto de Agader e que eran obxecto de financiamento ...” en canto ás obras inicialmente previstas; así, como que non existe variación orzamentaria.

I.- CONCELLO DE MONDOÑEDO

a) Concello de Mondoñedo incluíu no programa de actividades culturais do Plan único 2018, entre outras, a seguinte actividade:

CONCELLO	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACTIVIDADE
MONDOÑEDO	3.000,00€	I PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO

b) Pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, a través de escrito con rexistro de entrada nº 29841, de data 09 de novembro de 2018, solicita modificación das actuacións propostas no programa de Actividades culturais, de forma que solicita a modificación da actuación de “I Premio Álvaro Cunqueiro”, incluída inicialmente no Plan único 2018, cunha achega da Deputación de 3.000,00 euros, por “... dificultades xurdidas para organizar este premio ... “ substituíndoa pola actuación “500 libros homenaxe a Juan Puchades” en base á xustificación que obra no expediente, resultando da maneira que se indica, de ser aprobado polo Pleno a modificación solicitada:

CONCELLO	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
MONDOÑEDO	3.000,00€	308,24	3.308,24€	500 LIBROS HOMENAXE A JUAN PUCHADES

c) En data 04 de decembro de 2018, emítase, pola Xefa do Servizo de Cultura, conformado polo Deputado Delegado da área de Turismo e Cultura, informe favorable ao cambio proposto polo Concello de Mondoñedo, cambiando a actuación “I Premio Álvaro Cunqueiro”, por “500 libros homenaxe a Juan Puchades sen variar o importe a achegar pola Deputación destinado a esta actividade cultural, 3.000,00 euros, e cunha aportación municipal a maiores de 308,24€.

3. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. As propostas formuladas polos Concellos, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

4. Tendo en conta a solicitude dos concellos, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2018.

Polo que va dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de O Saviñao e a modificación nas actuacións culturais relativas ao Concello de Mondoñedo, incluídos no Plan Único 2018.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Saviñao, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento indicado, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2018 modificado nos investimentos do Concello de O Saviñao, nos seguintes termos:

SAVIÑAO (O)	273	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO A NAVALLOS, DO MURO (OUSENDE) A LÍMITE CON BÓVEDA, DE CRTA DE MONFORTE A XESTO (LÍMITE CON BÓVEDA); DE SOBRED A VALDORRAMA; DE VALDORRAMA A LAMAPODRE; A PIMENTO, CORNEAS, TAIZ, CAPILLA DE GUADALUPE, DE GRUÑEDO A CHAVE; BUXÁN-LOUREDO; DE SANTANTUIÑO A LOUREDO ; BUSTELO-VILARAVIDES; DE O CARRASCAL A CIRCUNVALACIÓN , ACCESO A CAVADA, MALVEIROS E A MOSIÑOS, (según coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	245.201,01	17.281,50	262.482,51			X

1. Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, e en consecuencia, aprobar a modificación da actuación cultural indicada, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2018 modificado nas actuacións culturais do Concello de Mondoñedo, substituíndo a actuación de I Premio Álvaro Cunqueiro pola seguinte actuación nos termos que se indican:

CONCELLO	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
MONDOÑEDO	3.000,00€	308,24	3.308,24€	500 LIBROS HOMENAXE A JUAN PUCHADES

2. Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3. Dar traslado do presente aos Concellos solicitantes para ao seu coñecemento, significándolle, no caso de O Saviñao, que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos nas datas establecidas nas bases do Plan único ou nos acordos de concesións das prórrogas, de ser o caso, e no caso de Mondoñedo, que as actuacións deberán estar xustificadas no prazo establecido nas bases reguladoras do Plan único 2018”.

Logo de ver así mesmo o ditame da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, emitido favorablemente por unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

--00000--

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CUMpra O COMPROMISO COA FINALIZACIÓN DA ROLDA LESTE NO CONCELLO DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que fai referencia o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a que cumpra o compromiso coa finalización da Rolda Leste no concello de Lugo.

Exposición de Motivos

En marzo do ano 2008, a Xunta de Galicia comeza a facer realidade unha demanda cidadá, pon a primeira pedra, e inicia a construción da Rolda Leste no Concello de Lugo, cunha inversión

de 28 millóns de euros, coa finalidade principal de dar servizo ó novo Hospital Universitario Lucus Augusti.

O 23 de decembro do ano 2009, o Boletín Oficial do Estado publicaba dentro dos anuncios de licitacións públicas e adxudicacións para a Comunidade Autónoma de Galicia a licitación do procedemento aberto multicriterio harmonizado: *contrato de servizos para a realización do proxecto de trazado e construción da obra: Ronda Este de Lugo. Tramo II: LU-530 – N-VI, de clave LU/01/084.01.2 (AT/072/2009), tramitación anticipada*. Seis días despois foi publicada dita licitación no DOGA.

A día de hoxe, nove anos despois, aínda estamos esperando a que o Goberno da Xunta de Galicia inicie as obras deste tramo, finalice esta tan demandada e imprescindible vía de comunicación no concello de Lugo.

Os veciños e veciñas de Lugo e da contorna veñen demandando, dende hai moitos anos, unha vía de comunicación de acceso ao HULA na zona leste do concello. Actualmente, só a estrada do Rato é a que ten que soportar este fluxo de tráfico, a cal non foi proxectada nen deseñada para esta circunstancia.

A resposta da Xunta de Galicia, ano tras ano, é a mesma: cero euros para a construción da Rolda Leste.

Dende o Partido Socialista entendemos que a Ronda Leste supón unha vía de comunicación imprescindible no Concello de Lugo, polo que debe ser executada urxentemente.

Por todo o exposto e instando á Xunta de Galicia, o Grupo Provincial Socialista somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes acordos:

1º.- O cumprimento do compromiso adquirido na publicación do BOE e do DOGA do mes de decembro de 2009 referido á construción do Tramo II da Rolda Leste de Lugo.

2º.- Que se asigne unha partida orzamentaria especial e con carácter de urxencia para levar a cabo a redacción do proxecto da Rolda Leste”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Traemos a este Pleno unha proposta, sinxela no que se pide pero parece que difícil de que se vexa materializada, que é instar á Xunta de Galicia a que cumpra o compromiso adquirido na publicación do BOE e do DOGA no mes de decembro de 2009, hai nove anos, referido á construción da segunda fase, ou tramo II, da Rolda Leste de Lugo; así mesmo tamén que se asigne unha partida orzamentaria especial e con carácter de urxencia para levar a cabo a redacción do proxecto da Rolda Leste.

A Rolda Leste é unha parte dese perímetro desa Rolda que pretende circunvalar Lugo e polo tanto ser o gran distribuidor de tráfico da cidade de Lugo, cidade que ten medrado, aparte de dar atención á demanda de milleiros de usuarios que día a día se desprazan cara ó Hospital Universitario Lucus Augusti, o verdadeiro tractor do maior número de tráfico que se produce por esa zona.

A Rolda Leste foi unha realidade no ano 2008, colocouse a primeira pedra da Rolda Leste e executouse o tramo que une a estrada de Ribadeo coa estrada da Fonsagrada; queda pendente o tramo que iría dende a estrada da Fonsagrada cara á Tolda de Castela, polo tanto que daría saída ó tráfico que agora mesmo está asumindo o Paseo do Rato; fíxense vostedes que ironía, un Paseo asumindo catro mil cincocentos vehículos diarios de seiscientos cincuenta que asumía antes da apertura do HULA; e a Rolda Leste, que realmente debería ter a capacidade para asumir todo ese tráfico, desaparecida dos proxectos de investimento nesta provincia.

Esa primeira fase que iniciou as obras en marzo de 2008, contou cun orzamento de 9,9 millóns para ese treito que son 2,36 quilómetros, e remataron as actuacións na data prevista, o ano 2009. En febreiro dese ano o Goberno do PSOE na Xunta de Galicia comprometeu a licitación do proxecto construtivo da segunda fase no segundo semestre do ano 2009, publicouse o 23 de

decembro no Boletín Oficial do Estado baixo o nome de contrato de servizos para a realización do proxecto do trazado e construción da obra Ronda Este de Lugo, treito II, LU-530-N-VI, orzamento 285.280 euros.

Entrou o Partido Popular no goberno da Xunta e non soubemos nada máis da Rolda Leste que que había ese tramo feito; orzamentouse no ano 2010 con cincocentos mil euros, dous millóns para o 2011, catro cen para o 2012, e dous para o trece; no 2011 orzamentáronse 239.000 euros para estudos previos, no 2012 vinte mil euros non sabemos moi ben para que, cun millón e medio de euros para o 2013 e outro para o 2014, e no 2013 xa non apareceu nos Orzamentos da Xunta. Iso ata o día de hoxe.

Polo tanto esa gran necesidade, porque a mobilidade xa é un dereito e así debemos entendela, ese gran distribuidor de tráfico da cidade de Lugo que cincunvale xunto á Nacional VI, xunto á Rolda Norte que algún día se acabará de desenvolver porque tamén desapareceu das previsións inversoras do Goberno Central durante o mandato de Mariano Rajoy, e a Rolda Leste, teñamos un perímetro completo que realmente nos permita mobilizarnos a calquera punto da cidade de Lugo con certa celeridade e seguridade no desprazamento.

Polo tanto a petición é máis que adecuada porque o Hospital segue estando onde estaba no ano 2009, segue xerando o volume de tráfico que xera unha actividade como a hospitalaria, e os cidadáns móvense. Preténdense desenvolver tamén outras zonas industrializadas ou de asentamento de actividade industrial, comercial ou de servizos, e polo tanto necesitamos mellorar esa mobilidade.

Por moito que faga a Deputación en mellorar as condicións de seguridade de circulación e demais polo Paseo do Rato, non deixará de ser un Paseo, un Paseo ocupado, un Paseo utilizado para un uso para o que non está pensado, podemos seguir investindo pero non poderemos asumir a través do Paseo do Rato o tráfico que ten a capacidade de asumir a Rolda Leste.

Polo tanto é inaprazable que se desenvolva este investimento, esta dotación, sen paliativos, sen excusas, sen ningún tipo de deixación para que Lugo siga sen este servizo, porque é o que nos

ven pasando dende hai moitos anos. E hoxe, aínda que nos centremos neste, que é a Rolda Leste, debemos lembralos absolutamente todos, porque todos están paralizados. Polo tanto, este, que é unha necesidade fundamental para que o tráfico da propia cidade, e o que chega dos concellos limítrofes e doutros puntos, teña por onde desprazarse e por onde acceder polo punto máis cómodo e polo espazo máis eficiente a calquera lugar da cidade que se desprace, pidamos todos que se faga esa Rolda Leste, e que se faga como se fan os compromisos, con diñeiro e con proxectos, publicado no BOE e no DOGA, e non sabemos absolutamente nada máis diso dende o ano 2009, van nove anos e é hora de que se vaia facendo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Para desexarlles felices festas e felices navidades a tódolos funcionarios da Deputación, ós periodistas e ós Deputados aquí presentes. Dicar que, como é unha proposta reiteradamente presentada aquí e defendida por min en varias ocasións e, como dixo o voceiro do Grupo Socialista, trátase dunha necesidade para tódolos lucenses, e incluso para a seguridade viaria da xente que se move e circula entorno ó HULA, vou votar favorablemente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Estamos ante unha destas propostas de instar a outra Administración, e menos mal que estamos no final da lexislatura porque agora que se acabou para o Partido Socialista a veta do Goberno Central, haberá que insistir dobremente no caso de instar á Xunta, cuestión que supoño é moi necesario e aínda quedarán moitas cousas para as que hai que instala; pero é curioso que desaparezan de repente todo tipo de reclamacións ó Goberno de Madrid coma se todo estivera ben e perfecto.

En todo caso non vai ser o BNG quen diga que non é necesaria esta infraestrutura, lóxicamente para todos aqueles veciños e veciñas da parte leste da provincia, veciños do Corgo, veciños que veñen da zona sur da provincia, e non queren ou non poden coller a autovía

lógicamente seríalles moito máis cómodo que houbera unha rolda en boas condicións para poder acceder non só ó hospital senón incluso para vir á parte norte da cidade. O que pasa é que calquera obra deste tipo lógicamente debe contar co respaldo ou co acordo co conxunto de veciños e veciñas afectados, e aparte ter tamén o visto e prace de todo tipo de asociacións que normalmente participan nestes proxectos, chámense ecoloxistas ou doutra índole; co cal non imos ser nós quen vamos negar esa necesidade.

O que nos parece tamén un pouco estraño cando menos, vista a paralise e a incompetencia manifesta que está a demostrar o concello de Lugo en tódolos seus proxectos que debería ter feito ou en marcha, que se obsesione en instar a outras Administracións cando eles mesmos non son capaces de levar adiante os seus propios proxectos. Estamos falando do desdobre da Duquesa de Lugo, unha obra financiada por esta Institución con máis de millón e medio de euros, e cadaún que valore esa financiación, que aínda non se sabe sequera cando vai poder empezar; estamos a falar do propio auditorio, que segue sen funcionar; estamos a falar da praia fluvial da que non se sabe nada; estamos a falar de aínda que fora instar á Xunta de Galicia a que busque unha solución ó cuartel de San Fernando que temos aquí ó lado, e segue sen moverse absolutamente nada; estamos a falar da unión do Miño e do Rato, que non sabemos nin se espera que se vaia facer nada nesta lexislatura; ou a propia rotonda de San Eufrasio con Fontiñas, da cal tampouco sabemos nada.

Parécenos moi ben instar a segundas Administracións para que fagan o seu traballo, pero calquera Administración cremos que debe intentar facer en primeiro lugar o que ten enriba da mesa, sen que iso quite que tamén se siga solicitando ás demais; igual que algúns defendemos que para que unha Administración solicite axuda a outra para un proxecto primeiro ten que ser quen de gastar os propios cartos que ten na súa propia Administración, o mesmo debera ocorrer neste caso.

En todo caso, vista esta falta de proxecto que pode ter o concello de Lugo, e visto o abandono sistemático a que ten sometido a Xunta de Galicia á provincia de Lugo, e tamén tendo en conta a propia dinámica política desta Institución, no caso da provincia de Lugo temos o que se chama a “tormenta perfecta”, parece que estamos condenados ó subdesenvolvemento, a seguir sen que haxa ningún tipo de futuro para a provincia, e a que os nosos mozos e mozas teñan que seguir

marchando e non teñan ningún tipo de expectativa de levar unha vida medianamente digna na provincia.

En todo caso non vai ser por nós polo que non se inste á Xunta a que faga isto, pero tamén que o concello se poña as pilas e que se poña a traballar porque a cidade e a provincia o necesitan”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Lóxicamente estamos a falar dunha infraestrutura importante para a cidade e para a provincia de Lugo, e nese sentido tanto o Grupo Provincial coma o Partido Popular de Lugo apoiamos este tipo de iniciativas; aínda que é ben certo que require unha certa análise a moción presentada polo Grupo Socialista.

En primeiro lugar pídese que se cumpra o compromiso publicado no seu día no DOGA, ese compromiso lóxicamente é a vontade da Xunta de Galicia cumprilo, de feito agora mesmo está reunido o propio delegado da Xunta de Galicia en Lugo cos representantes dos veciños desta cidade.

Tamén é certo que se fala de que se asigne unha partida orzamentaria especial, lóxicamente neste sentido chega tarde esta proposta do Grupo Socialista, probablemente oírían falar á Federación de veciños de Lugo e intentan apuntarse algo a ese carro, pero o debate orzamentario no Parlamento de Galicia xa rematou e os presupostos da Xunta de Galicia para o ano 2019 xa están aprobados de xeito definitivo.

É certo tamén que este proxecto tal e como está non require neste momento unha inversión inmediata para comezar as obras posto que está pendente, e esa é a intención da Xunta de Galicia, para realizar durante o ano 2019 os traballos previos á licitación desa obra, particularmente a nova licitación da avaliación de impacto ambiental que é imprescindible legalmente para levar a cabo esta obra, e iniciar os procesos de expropiacións necesarios tamén para o mesmo. Polo tanto o

cumprimento dese proxecto non require un presuposto excesivamente alto senón cumprir esta serie de requisitos legais nos que a Xunta ten xa dada a súa palabra de involucrarse neste ano 2019.

Por outra banda tamén o noso reproche ou a nosa análise deste tipo de iniciativas que fai o Partido Socialista vai tamén na liña do que xa iniciaba o voceiro do BNG, porque resulta curioso que aquí os socialistas de Lugo lle poñan sempre deberes con respecto ás infraestruturas á Xunta de Galicia, cando é a única Administración que nos últimos anos leva apostando polas infraestruturas importantes que ten esta provincia e esta cidade en particular. Así no ano 2009, cando vostedes falan de accesos ó HULA, non recordan que o HULA era un edificio baleiro que nin sequera tiña equipamento sanitario, e o primeiro que tivo que facer a Xunta de Galicia e o Presidente Feijóo foi dotar ese edificio baleiro que vostedes deixaron nun dos mellores hospitais de España.

Hai outra serie de infraestruturas moi importantes tamén para esta provincia, que non sei se saben que Lugo non as tiña, un auditorio novo e moderno, unha autovía a Santiago, un centro de desenvolvemento de emprego e iniciativas de investigación como a de Rozas; todas elas achacables únicamente á Xunta de Galicia.

Por outro lado, cando vemos as Administracións lucenses gobernadas polo Partido Socialista só vemos incumprimentos, polo que chama a atención ese falar dos prazos e da xestión, porque vostedes son os reis da xestión nefasta; son vostedes os que inauguraron nesta provincia residencias para maiores hai catro anos e aínda están sen abrir, levamos toda a lexislatura falando de residencias, e ó longo deste Pleno volveremos falar desas residencias que vostedes non son capaces de abrir durante estes últimos anos.

En canto ó concello de Lugo, ademáis das obras que xa se apuntaron por parte do voceiro do BNG, que nos poden dicir da praia fluvial de Lugo anunciada polo concello no ano 2011?; da peonalización da rúa Quiroga Ballesteros?; da cobertura desa mesma rúa?; da peonalización da ronda?; da biblioteca da Piringalla?; dos ascensores do Sagrado Corazón e de Fontiñas?; da cesión de terreos para a Nacional VI con Alfonso X?; obras e infraestruturas moito máis pequenas e dun calado moito menor ca do que estamos falando, pero que en dez anos os socialistas en Lugo non

foron quen de levar a cabo ningún tipo de xestión neste sentido nin ningún tipo de avance para esta cidade no concello.

Polo tanto nós cremos que os Presupostos da Xunta de Galicia para o ano 2019 para esta provincia e para esta cidade son importantes, é unha aposta decidida por unha provincia e por unha cidade, aí van máis de cinco millóns de euros expresamente na sanidade desta cidade no novo complexo da residencia, ou máis de dezaioito no ámbito do emprego e da investigación no polo de Rozas, ou mesmo na educación pública máis de dous millóns e medio de euros para o novo CEIP do Sagrado Corazón.

Por tanto apostamos e apoiamos a reivindicación do cumprimento desta infraestrutura; é certo que a Xunta de Galicia é a única Administración que cre en Lugo e que está apostando por Lugo nas súas infraestruturas en todos estes anos; confiamos en que neste ano 2019 se faga este estudo de impacto ambiental, que imaxinamos que é o que lle está trasladando neste momento ós veciños de Lugo o propio delegado da Xunta de Galicia, e unha vez feito este estudo se inicien esas expropiacións e se chegue a levar adiante esa obra que é importante, e que razoablemente Lugo contará con ela”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Todo tan razoable como que esperemos nove anos a que alguén decida facer o estudo de impacto ambiental, todo razonabilísimo, moi comprensible e moi comprometido cos veciños e veciñas de Lugo.

Moi sorprendente tamén que se lle achquen ó goberno municipal de Lugo os problemas co cuartel de San Fernando; había un compromiso claro de dúas Administracións, unha era a Xunta de Galicia de que ía recibir o ben en disposición e poñer en marcha nel un museo da romanización, non sei o que ten feito, non sei se o voceiro do BNG ou o do Partido Popular poden explicarnos se teñen avanzado algo neste sentido dende a Xunta de Galicia xa que os dous culpabilizan ó concello de Lugo.

A praia fluvial non hai moito que descubriamos e se poñía de manifesto que o ex presidente da Confederación Hidrográfica desmentía, contradecía, discutía, o que dicía o propio Ministerio de Medio Ambiente do goberno de Rajoy, que era sobre a ubicación da praia fluvial, non sei que praia fluvial pretenden tampouco os representantes do Bloque Nacionalista para a cidade de Lugo, non sei se queren unha táboa a modo de trampolín sobre a que tirarse ou caer ó río ou se queren unha praia fluvial con servizos, dotacións, acceso, e todo o demáis, a ver se é unha ilusa idea que resulta moi atractiva na exposición mediática das redes, como aquelas trampas que o voceiro do BNG anunciaba como a panacea contra a velutina, e que os propios técnicos expertos universitarios e investigadores recomendaban por favor retirar ese anuncio e non facer caso dese modelo de trampeo pois non só non actuaba con eficiencia contra a velutina senón que poñía en risco outras especies.

Non sei se falamos do desdobre de Duquesa de Lugo, que necesitou a súa financiación, que se teñen feitos os traballos previos que agora se acude a licitación do proxecto para que poida ser unha realidade, non sei se é tan criticable un ano e pico de tramitación para un desdobramento como nove anos de espera a que alguén decida facer o informe de impacto ambiental, é absolutamente diferente.

E se falamos do HULA, Sr. García, vostede saberá que quedaron os concursos en proceso de licitación para o equipamento do hospital, e a gran decisión de Feijóo sobre o HULA foi retrasar a súa inauguración, a súa apertura, para que se alonxase o máis posible da memoria dos lucenses que era un proxecto do goberno bipartito.

E se falamos de residencias, vostedes teñen moito que dicir de porque algunha das da Deputación non está aberta, e na Deputación tamén sabemos porque tivemos que ir ó rescate da de Sarria despois dun período de xestión lamentable cando vostede era a máxima autoridade política dese concello, foi Alcalde na lexislatura anterior, quizá diso teña tempo para falar.

Pero hoxe falamos da cidade de Lugo e da rolda leste, podíamos falar do HULA, que segue sen ter moitos dos servizos que necesita, segue sen hemodinámica 24 horas, ten medicina nuclear

por unha doazón non por unha decisión política. Podíamos falar do auditorio, os lucenses cumpriron, onde está o equipamento?, iso sábeo a Xunta de Galicia, sábeo o Partido Popular. Podíamos falar do Plan Paradai, tamén desapareceu dos orzamentos, xa non é interesante, porque ese é o compromiso do Partido Popular con Lugo. A intermodal, e cando queira traiolle o acordo do goberno do PP de suspender a execución do contrato para a redacción do proxecto da intermodal. O mesmo do museo da romanización do que xa falamos, e resulta que agora non hai consenso. Vía de altas capacidades da costa norte, onde está?. Ou vaian á montaña e díganme un só dos investimentos que se fixeron na montaña, estivo o outro día Feijóo, foi milagre que non visitase ningún, ou quizá non tiña nada feito pola Xunta de Galicia onde ir sacarse a foto.

Polo tanto poñamos en valor a necesidade de Lugo de ter unha mobilidade, de ter unha circunvalación de tráfico adecuada ás necesidades e á realidade dunha sociedade e dunha cidade moderna, e non presumamos do que está feito tratando de botarlle a culpa ós demais precisamente do que non fixeron os seus, que é o que acaban de facer”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“A verdade é que me alegra este “pin, pan, pun” que vimos tendo periódicamente para ver quen demanda máis das outras Administracións, sen preocuparnos obviamente das competencias que temos nesta Deputación.

Eu non tiña previsto intervir pero dado que oín algunhas afirmacións por parte do voceiro do social arribismo nesta Deputación, como creo que algún dos temas que se tratan aquí haberá que discutilos no futuro porque estanse botando culpas a Administracións que non as teñen, hai proxectos paralizados e actuacións pendentes que non dependen da Xunta de Galicia senón que dependen directamente do Grupo que goberna aquí.

E para non desviar o tema da Rolda Norte que é un tema importante e unha demanda da sociedade de Lugo, creo que debera ser asumida por aqueles Partidos que gobernan

independentemente do prazo ou do tempo que estean, non pode ser que cando estean non demanden nada e cando perden o poder estean demandando todo aquilo que se fixo.

Creo que a Deputación actuou correctamente no tema do Rato nas medidas que se tomaron naquel momento ante o aumento da circulación que era e volverá ser extraordinaria neste momento, non teño eu competencias para saber e voume fiar do que din vostedes, demanda e pide que esa rolda norte se remate.

Pero mezclar churras con merinas e facer afirmacións que non se axustan á realidade tampouco me estraña coñecendo o Grupo do que veño eu, porque a mentira, a manipulación, e a terxiversación, son os motivos básicos de actuación nestes catro anos aínda que esteamos en Nadal non queda outra que recordar que as afirmacións que se fan aquí ou fóra de aquí hai que mantelas, porque coa verdade pode ir por diante cando queira e coa mentira non”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Por se acaso non quedou claro, ninguén nega a necesidade de que se actúe nesta infraestrutura e que se leve adiante a Rolda Leste, nós simplemente poñemos enriba da mesa as deficiencias que ten o propio goberno municipal de Lugo, que non leva adiante ningún proxecto eficaz na propia cidade de Lugo e só se adica neste caso a instar a outras Administracións; unha cousa non quita a outra, nós estamos dicindo que si á Rolda Leste e que a Xunta faga o que ten que facer dunha vez, pero tamén que a propia Alcaldesa de Lugo se deixe de especular e saque adiante cando menos algún proxecto.

En canto ó cuartel de San Fernando eu non dixen que fora competencia do concello, só dixen que igual que se insta á Xunta a isto, tamén se podía facer o mesmo para darlle unha solución, xa que o temos ó lado, ó cuartel de San Fernando.

Con respecto á intervención do Partido Popular nesta moción, non é cuestión de poñerse a debater o que afirma o outro Partido da oposición, pero dicir que Feijóo está facendo moito pola

provincia de Lugo cando se dos propios Orzamentos sacamos os investimentos en Rozas, que non se pode facer noutro sitio porque Rozas coincide na provincia de Lugo, os Presupostos para a provincia de Lugo deixan moito que desexar.

Aquí mesmo no Pleno pasado, creo que por unanimidade, aprobamos instar á propia Xunta a que non elimine un profesor en Portomarín, un concello rural, eu creo que apostar por Lugo é apostar polo rural, e se o Goberno da Xunta se adica a eliminar profesores nos colexios rurais para agrupar os nenos e nenas de todo o colexio en dous únicos grupos, iso non é apostar polo rural, cando encima a matrícula non baixou dun curso para outro. Ou tamén aprobamos aquí no Pleno pasado instar ó Sergas a que non elimine un médico en Carballedo, que á súa vez eliminar un médico leva consigo e eliminación do consultorio do Castro, eliminar médicos no rural non é apostar pola provincia de Lugo; Lugo non se entende sen apostar polo rural, non se entende Lugo sen que haxa un rural potente, e o que se está facendo dende a Xunta é precisamente eliminar servizos de forma sistemática no rural.

Por tanto non nos veñan dicir aquí que a Xunta aposta por Lugo porque é completamente falso, o que lle pasa á Xunta é que sabe que en Lugo, incluso axudado pola incapacidade ou polo tipo de goberno que hai no Concello e na Deputación, parécelle que ten os votos asegurados, e entón tanto lle ten, pero non digan que apostan por Lugo porque non é certo.

En todo caso insistir en que nós non nos opoñemos a que se estude e se faga como é debido esa Ronda Leste, pero tamén que se poñan as pilas dende o propio concello de Lugo porque boa falta lles fai”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente para reiterar o noso apoio a esta infraestrutura como así consideramos que ten en mente para o ano 2019 a Xunta de Galicia con respecto ó estudo de impacto ambiental desta infraestrutura.

E recordar, Sr. Alvaro Santos, que vostede tivo que adicarlle parte da súa intervención a defender desa maneira nefasta a xestión do concello de Lugo. E dicirlle tamén con respecto a ese apunte que sempre fai sobre Sarria en relación ó rescate á residencia, vostede chámalle rescate, non sei como lle chama ás demais achegas e subvencións que esta Deputación fai nalgúns concellos, porque se supón que para iso serve, pero se nin serve para iso xa me dirá para que están vostedes aquí; esa subvención que durante tódolos anos do goberno do Partido Popular en Sarria vostedes nunca achegaron e que achegan agora, simplemente se tratou de intentar alo menos que por primeira vez na historia unha Alcaldesa socialista en Sarria teña unha residencia, un centro público de servizos sociais básicos co teléfono cortado por falta de pago; iso foi o que tiveron que rescatar vostedes.

Por último e para rematar dicir que estamos seguros de que a Xunta de Galicia apostará por esta infraestrutura, que esta cidade terá nos próximos tempos avances importantes con respecto a esta infraestrutura, que os lucenses contarán cunha nova infraestrutura lóxicamente apoiados pola única Administración que está apoiando a esta cidade e a esta provincia, que é a Xunta de Galicia”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Para non faltar á verdade, non vaia ser, eu creo que todos estamos de acordo en que o segundo tramo da Rolda Leste non existe porque a ver se é unha mentira do voceiro socialista. Pero é que ademais non se poden mezclar, como todos din aquí, as churras coas merinas, de que en Lugo algún proxecto non se estea facendo ten moito que explicar o BNG e o Partido Popular, e outros; cando non hai orzamentos non pode haber investimentos reais, e será difícil de explicar, pero é unha verdade sumarísima; e iso terán que explicalo vostedes porque durante anos sumáronse á política de non deixar facer para criticar que non se faga onde están na oposición, onde gobernan directamente non fan. Dez anos para que nos veñan anunciar tímidamente un estudo de impacto ambiental, non quero saber os que levará construíla.

Evidentemente reivindicamos e trasladamos ós compañeiros no Goberno Central a necesidade da Rolda Norte, pero iso non exime ós responsables de facer e desenvolver a Rolda

Leste; ademáis cunha diferenza abismal, é moito máis necesaria e imprescindible o desenvolvemento da Rolda Leste, porque se está substituíndo por un paseo, que da Rolda Norte, que evidentemente é necesario desenvólvela pero que ten dúas vías que teñen capacidade para maior tráfico que o ten o paseo do Rato. Co cal seguramente sexa unha realidade, e cando lle haxa que dicir ó Goberno Central que a Rolda Norte é unha necesidade imprescindible para Lugo, nós seguiremosllo dicindo, porque é o que facemos; esa é a nosa coherencia, dicilo hoxe e mañá e tamén pasado polas diferentes canles.

Polo tanto alégrome de que saia adiante esta iniciativa, pero esperemos que sexa unha realidade e que non sigamos sufrindo este desprezo.

O HULA tiña un proxecto construtivo do Partido Popular, do Goberno de Fraga, no que non existía nin hemodinámica, nin medicina nuclear, nin radioterapia, e nós, o bipartito, modificou ese proxecto para que puidese albergalo, e nos primeiros orzamentos de Feijóo recurtou vinte e un millóns de euros que foi o que conlevou que non se puidesen implantar e habilitar eses servizos ata pasados moitos anos.

Polo tanto, e sen faltar á verdade, como segue faltando a Rolda Leste no seu segundo tramo, pidamos que se faga, pero non con xestos senón con actuacións, coas máquinas traballando, e que o compromiso perdure máis aló de maio do 2019, porque estamos moi acostumados ós compromisos con data de caducidade que xustamente coincide con citas electorais. A ver se ese compromiso chega máis aló de maio de 2019, porque senón nós seguiremos reclamando, reivindicando, e denunciando que a provincia e a cidade de Lugo está discriminada por quen ten a obriga de dotarnos de servizos, de infraestruturas, e neste caso de atender o noso dereito á mobilidade como calquera outra cidade galega ou do mundo”.

Rematado o debate e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á AXENCIA DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)

DEPENDENTE DA XUNTA DE GALICIA A MELLORAR A COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) dependente da Xunta de Galicia a mellorar a cobertura de telefonía móbil nos concellos da provincia de Lugo.

Exposición de Motivos:

En Novembro do ano 2016, na súa toma de posesión como Presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo anunciou que a actual lexislatura sería “a lexislatura do rural”. Dificilmente podemos comprar ese discurso cando a estas alturas da película aínda existen servizos esenciais en precario en zonas onde se precisa con urxencia fixar poboación.

Un deses servizos é a telefonía móbil, que para ben ou para mal, chegou para quedarse. Mentres o seu funcionamento é aceptable nas áreas urbanas, presenta un alcance moi limitado nas zonas rurais. Que algo tan elemental en pleno século XXI non funcione ou funcione mal pode poñer en risco a modernización do propio tecido produtivo, porque resulta moi complicado concibir a creación dun novo negocio sen que nunha determinada zona do rural da provincia de Lugo citado servizo estea asegurado.

A pesar de que o despregue de telefonía móbil e de banda ancha recaeu nos últimos anos na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) que depende da Xunta de Galicia, e que aseguran que na actualidade o 94% da poboación está cuberta, a realidade é que na nosa provincia temos unha deficiente cobertura con abundantes zonas de sombra.

O optimismo que se desprende dos datos da Axencia Tecnolóxica está totalmente inxustificado porque un estudio de campo no que se radiografían moitos concellos da nosa provincia demostra precisamente todo o contrario.

En Comarcas como a da Terra Chá, a Ulloa, Sarria ou Lemos, só ofrece garantías un único operador nas zonas urbanas, mentres que a cobertura é moi deficiente nas parroquias.

Na Comarca de Lugo, agás na capital, repítese o mesmo patrón. Mentres a área urbana goza de boa cobertura o medio rural ten grandes dificultades. Parroquias como Vilachá de Mera, Torible, Santa María Alta, O Veral, Esperante, Piugos, Lamas e algunhas zonas de Bascuas e Fazai teñen grandes deficiencias, o que pon de manifesto que o móbil funciona ou non, en función de onde un se atope.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

- Instar á Axencia De Modernización Tecnolóxica De Galicia (AMTEGA) dependente da Xunta de Galicia a mellorar a cobertura de telefonía móbil nos concellos da provincia de Lugo”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“Propónse engadir texto á proposta de acordo de xeito que quede da seguinte forma:

- Instar á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) dependente da Xunta de Galicia, ao Goberno do Estado e ás compañías e operadores telefónicos a mellorar a cobertura de telefonía móbil nos concellos da provincia de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Hoxe o Grupo Provincial Socialista trae unha moción para reivindicar un servizo público que ou ben en moitos sitios funciona mal ou mesmamente incluso non está funcionando, como é o servizo de cobertura móbil fundamentalmente na maior parte das parroquias do rural da provincia lucense onde existen moitas deficiencias.

E preguntaranse porque traemos esta moción aquí, pois fundamentalmente por dúas cuestións. Por un lado porque se ben no ano 2016 o Sr. Feijóo presumía de que a lexislatura que daba comezo por aquel entón ía ser a lexislatura do rural, está claro que algúns servizos básicos, como pode ser o servizo de cobertura móbil e incluso o despregamento da banda ancha, aínda non existen, ou funcionan mal ou, a día de hoxe, todos podemos constatar, moitos dos que estamos aquí en concellos onde gobernamos ou somos concelleiros, que existen moitas zonas de sombra, co cal se ven de poñer en relevancia a importancia de dar este tipo de servizo de cobertura móbil en moitos concellos da nosa provincia onde non funciona como debера funcionar.

Ademáis é difícil comprar tamén o discurso do Sr. Feijóo cando este servizo esencial ou outros moitos se están a dar en precario, e moitas das zonas onde realmente se precisa tamén convén que esa idea de fixar poboación hai que levala á práctica; pois un deses servizos é o de telefonía móbil que, para ben ou para mal, chegou para quedar nas nosas vidas dende hai anos; digamos que se ben o seu funcionamento é aceptable na maior parte das zonas urbanas, a medida que nos achegamos ás zonas rurais ese servizo convértese moitas veces en deficitario, e que é algo tan elemental que en pleno século XXI non funcione ou funcione en precario que dalgunha maneira debe corrixirse con certa urxencia.

Ademáis a día de hoxe ter cobertura móbil, ou aceptar un despregamento de banda ancha, vinculado sobre todo a achegar internet para as zonas rurais, convértese nun elemento crucial incluso para o despregamento do propio tecido produtivo, carecer destas cuestións ou que funcionen en precario pode poñer en discusión que algún tipo de empresa ou crear novos negocios sexa limitado ou difícil.

Como ben sabemos, o despregamento asumíuno nos últimos anos a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA, dependente da Xunta de Galicia, e en moitos informes ou comunicacións que traslada á opinión pública sempre di que o 94% da poboación galega está cuberta; iso pode ser na teoría, e sobre o papel pode que iso sexa así, pero a realidade é moi distinta en moitos casos, existe un traballo de campo no que se radiografía o grao de cobertura en moitos dos concellos da provincia, e moi lonxe desa realidade pódense obter datos que din totalmente o contrario; o patrón que realmente se reproduce na maior parte dos concellos das comarcas da Ulloa, da Terra Cha, de Sarria, ou de Lemos, é que se ben nas capitalidades dos municipios cando menos un operador ten unha cobertura aceptable, o resto de operadores é inexistente, e xa non falemos de cando nos achegamos á maior parte das parroquias, esta situación agrávase na comarca da Montaña, e faise un pouco máis grave tamén se cabe pola proximidade da capitalidade naquelas parroquias do concello de Lugo.

Por iso consideramos que é importante facer unha aposta clara por dar este servizo básico a tódolos concellos da provincia de Lugo; por iso apostamos que quen ten que facelo é a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, que é quen estivo levando o despregamento na última década; e tamén pensamos que non se lle pode privar a ninguén deste dereito adquirido e recoñecido tamén incluso pola Unión Europea como é ter información, ter cobertura móbil, e ter acceso a unha internet digna. Por iso dende este Goberno apoiamos e defendemos esta moción”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É algo parecido á moción anterior, lóxicamente creo que todos os que estamos aquí somos perfectamente conscientes dos problemas que hai coa cobertura dixital na nosa provincia,

gustaríanos que iso non ocorrira, e creo que tamén todos somos conscientes de que é imposible un desenvolvemento do rural se non hai unha cobertura axeitada tanto en telefonía móbil como no acceso ós datos; se queremos que realmente se desenvolva a provincia de Lugo ten que haber unha boa calidade, un suficiente ancho de banda na transmisión da información.

O Deputado do Grupo Socialista poñía exemplos no concello de Lugo, pero ós que vivimos en concellos arredor de Lugo pásanos igual, en Outeiro de Rei hai parroquias e incluso barrios que non teñen sequera televisión e non teñen acceso a ningún tipo de datos; en Begonte pasa tamén algo parecido; co cal afecta a moitos concellos, e se nos alonxamos da capital moito máis.

Pero isto tamén hai que velo dende o punto de vista que ten moita relación co que é a dictadura das compañías de telefonía, estamos sometidos a unha auténtica dictadura dos seus consellos de administración; por certo, consellos de administración integrados por moitos políticos procedentes tanto do Partido Socialista coma do Partido Popular, e lóxicamente con iso é complicado que despois o goberno de turno faga leis que realmente obriguen ás compañías á hora de darlles unha licenza para a súa actividade e que teñan a cobertura axeitada. É unha auténtica dictadura, igual que pasa coas eléctricas ou coas empresas enerxéticas en xeral, a que temos que sufrir dado o sistema que temos neste Estado. Insisto, todos estamos de acordo con iso, imaxino que esta moción será aprobada por unanimidade, e esperemos que sirva para algo, aínda que teño as miñas dúbidas.

Pero vou aproveitar, xa que estamos falando de novas tecnoloxías, e xa que estamos falando co Deputado responsable deste tema na Deputación, aforramos un Rogo e de paso instámolo a que faga algo co tema do rexistro telemático desta Institución, onde creo que a metade dos días é imposible rexistrar un documento de forma telemática porque a plataforma non permite o seu asinamento. Xa non me vou meter en que nos coarten o dereito a poder acceder a unha plataforma que estea en galego, pero cando menos que os que temos dificultades ou non nos cae ben vir rexistrar de forma física un documento ó Rexistro da Deputación, que a metade do tempo non podamos facelo por vía telemática parece un pouco esaxerado, cando noutras Institución iso non ocorre. Por tanto que se poñan as pilas, instemos ós outros a que solucionen o tema do rural,

pero de paso que solucionen tamén os problemas existentes no rexistro telemático da Deputación de Lugo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Ramiro Moure Ansoar, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Nós temos presentada unha emenda e non sabemos se a aceptan ou non. Estamos de acordo na base da moción pero instamos a AMTEGA, á Xunta de Galicia, ó Goberno do Estado que tamén ten competencias, e ás compañías operadoras.

Como dicía, estamos de acordo no fundamento da moción e votarémola a favor; simplemente reseñar o que nós plantexamos na emenda, porque non só a Xunta de Galicia neste caso ten a culpa do despregamento da telefonía móbil e a banda longa senón, como tamén dicía o voceiro do BNG, que tamén a dictadura que fan as operadoras á hora de despregar os seus servizos inflúe moito en que no rural teñamos problemas de cobertura; algúns operadores, e falo do meu concello, teñen cuberto case o 100% pero hai outros que non cobren o total, e isto é un pouco pola dictadura das operadoras.

E ó mesmo tempo neste caso o Goberno Central, a través do Ministerio de Industria, Turismo, e Axenda Dixital, tamén ten competencias sobre todo agora que se está a despregar xa a cobertura de 5G, no cal inflúen tódalas administracións, neste caso do Estado e tamén a Xunta de Galicia.

Facer tamén unha reseña, porque a Xunta de Galicia, a través de AMTEGA, en canto a estes problemas que hai de cobertura está tratando de subvencionar sobre todo ás empresas e autónomos do rural, precisamente o 10 de novembro pasado sacou unhas subvencións que van dirixidas a empresas e autónomos illados en zonas do rural coas que se poden subvencionar proxectos ata 20.000 euros para que teñan unha cobertura de alo menos 30 Megas; isto é complicado pero de tódolos xeitos eu sei polo meu concello que xa se subvencionaron varias empresas deste tipo nas que está funcionando moi ben; e a Xunta de Galicia neste momento acaba de sacar estas subvencións para cubrir estas deficiencias que hai no rural para a banda longa”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Vou aproveitar tamén para facer unha serie de reivindicacións relacionadas directa ou indirectamente con esta petición que se fai na moción sobre modernización tecnolóxica de Galicia.

Estando totalmente de acordo con esa necesidade, sobre todos os que vivimos na montaña e na zona rural, tamén quixera recordar actuacións que dependen do Deputado de tecnoloxía desta Deputación que está sentado á miña dereita, aparte da firma de documentos a que fixo referencia o voceiro do BNG, quería comentarlle que non se pode estar nin ter ós veciños da provincia de Lugo media hora ó teléfono cada vez que se chama; constatado en diversas ocasións de chamar a esta Deputación exactamente téñenos trinta minutos dicindo que está no posto 3, no posto 4, no posto 18, cúrtase, e despois hai que volver iniciar esa chamada telefónica. Creo que isto é algo que deben tratar de solucionar, non por este Deputado, porque incluso se me chama e se me mandan mensaxes por parte do Presidente, que non respondo, será que non o teño no móbil, por algo será, pero parece ser que é o funcionamento habitual.

Por outra parte temos tamén o problema nos concellos que temos convenio con esta Deputación da velocidade de internet, e sobre todo para os funcionarios que son os que traballan con esa actuación da Deputación é lamentable como quedan colgados cada pouco, cando incluso teñen que estar chamando aquí e mandando correos que non se lles respostan, e a verdade é que é un servizo que fai que concellos como o meu teñamos que recurrir a plataformas privadas de internet para poder traballar con certa solvencia, con certa rapidez, e con certa soltura, nos concellos.

E por último, hai anos, sendo eu Deputado no Grupo Socialista, dedicámonos e gastamos unha cantidade importante de recursos nunhas pantallas de televisión que se colocaron nos concellos, incluso eu falei con vostede unhas cantas veces para ver se había algunha maneira de poñelas a funcionar para que transmitan información da Deputación, dos concellos, ou de quen consideren necesario, e a verdade é que se puxeron aquelas pantallas alí, non sei o custe pero era

moi elevado naquel momento, e creo que esta Deputación debía tomar algunha medida para tratar de solucionar eses problemas.

Estes son os problemas tecnolóxicos, aparte do que falaron antes, aínda que no concello de Becerreá por parte de Telefónica estase aumentando a velocidade e a facer unhas melloras que nos colocan na última xeneración, pero quizá somos un concello puntual nese aspecto, cousa que lle agradecemos á compañía Telefónica, pero o día a día e as actuacións diarias que ten que facer o concello e moitos cidadáns vense prexudicadas por non poder facer esas comunicacións telefónicas coa Deputación, por non poder funcionar nos concellos coa rapidez necesaria e lóxica no século XXI como vostede di na súa exposición, para comunicarse entre Administracións, e por iso lle agradezo que tome nota e que trate de solucionalo.

Anunciar tamén o voto favorable deste Deputado”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Está claro que nunca crin que unha moción na que se fala de cobertura móbil podería dar para tanto, pero alégrome porque me gustaría aclarar varias cuestións.

En primeiro lugar é certo o que vostedes din de que a competencia dende o punto de vista do financiamento lle corresponde tamén en parte ó Estado, co cal xa lle adianto que imos aceptar a emenda que propón o Grupo Popular, pero tamén lle digo que con esta responsabilidade coa que este Grupo acepta esta emenda que pena que non se lembraran do Goberno do Estado cando gobernaba o Partido Popular en Madrid tanto como se están a lembrar agora, será que vostedes fan uso desa amnesia selectiva que tanto os caracteriza.

E aclarar que dende logo a competencia, máis aló do que faga o Estado co financiamento, o despregamento o está levando a Axencia de Modernización dende hai máis de dez anos, é visible que existen zonas de sombra nesta provincia en relación coa cobertura móbil e cando menos débense subsanar, é moi difícil chegar ó 100%, pero co obxectivo de fixar a poboación e dende

logo creo que hai que adoptar medidas con certa urxencia, de nada serve poñer antenas para dar cobertura 5G se esas zonas de sombra seguen perdurando.

En canto ó manifestado polo voceiro do BNG, a sé electrónica parece que lle preocupa agora pero cando estaban eles preferían mellor meter as cousas en papel que a través da sé electrónica, está funcionando perfectamente, outra cousa é que non saiba facelo pero se quere despois subimos e explícolle como se fai.

Quixera tamén aclararlle unha cuestión ó Sr. Manuel Martínez, o tema da velocidade de internet voulle facer por analoxía algo parecido ó tema das carreteras, porque igual iso o entende mellor, non é o mesmo unha estrada de seis metros que outra de tres, e quen lle da a anchura da carretera neste caso non é a Deputación senón que é a operadora de telefonía neste caso, e por outro lado tamén lle da ese ancho de banda, e quen llo da non é a Deputación; hai unha serie de contratos subscritos e outra serie de cuestións, e en canto non se fagan eses despregamentos de rede por parte da Axencia de Modernización imos ter serias dificultades en mellorar os servizos.

Os servizos están, é certo que as pantallas están colocadas, creo que unha pantalla non é que fora o gasto máis cuantioso dos proxectos que se teñen feito aquí, pero tampouco se preocupe porque se quere poñémoslle o que vostede queira para que despois non faga denuncias de que se poñemos cousas raras na web ou deixamos de poñelas; por tanto valide vostede o contido e se quere tamén o poñemos a vostede na pantalla, non hai ningún problema.

En canto á nosa moción, é bastante clara, o que pedimos é cobertura e mellora da banda ancha para os concellos da nosa provincia, e calquera outra cuestión que sexa susceptible de mellorar sempre o imos facer”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A verdade é que non me esperaba esa resposta deste Deputado concretamente, porque aparte é dos poucos que medianamente intentan resolver algo neste Goberno, pero que me veña con

esta faltada, incluso faltada ó respecto, porque se fora verdade que funciona perfectamente non poñería un letreiro segundo entras cunha advertencia en vermello que di que “puidera ser que en moitas ocasións durante bastante tempo non funcione o sistema de asinar e que o probe vostede máis tarde”, se funcionara tan ben non terían que poñelo.

Aparte diso, serei tonto, pero eu creo que fago o mesmo sempre e onte a noite rexistrei sen problemas, o xoves pasado tiven que vir aquí rexistralo porque nin á noite nin pola mañá funcionaba; paréceme unha auténtica falta de respecto dicir iso públicamente, senón un insulto, e creo que no que dixen eu aquí en ningún momento lle faltei ó respecto nin insultei a ninguén, fun bastante correcto; insisto, paréceme unha auténtica saída de ton, e non sei porque lle sentou tan mal porque é algo que funciona mal, por tanto que se mellore, algo terá que facer porque para algo cobra tódolos meses, para que se diga o que funciona mal e o solucione, pero alá el.

En todo caso, en canto ó fondo do asunto, hai que ter en conta que aquí se falou de que considerabamos que o acceso á información de calidade era un servizo básico, e como servizo básico, é unha cuestión de posicionamento político, ten que estar regulado e aquí o problema radica en que se dan licenzas dende os poderes políticos que teñen competencia ás empresas para que leven adiante un servizo básico sen que lle dea cobertura a toda a poboación, ese é o problema de fondo e no que teríamos que actuar dun xeito contundente, e senón non se lle pode dar, e que se poñan de acordo entre elas se queren para poder dar esa cobertura, pero o que non pode ser é que haxa cidadáns de primeira e de segunda, que haxa zonas onde as empresas poden instalarse sen ningún problema porque teñen uns datos suficientes para poder actuar e haxa concellos que están condenados a que unha empresa que necesite unha liña ADSL potente non poda establecerse; diso é do que temos que estar falando aquí.

E en canto a que temos que instar a quen sexa para que solucione isto, totalmente de acordo, e temos que facelo con contundencia, pero non pode quedar niso, e teríamos que facer outras actuacións para que cambie a política de fondo. E dende logo o da subvención ás empresas está ben como parche pero non é a solución, porque hai veces que nin subvencionando se pode solucionar o problema”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Ramiro Moure Ansoar, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Agradecer que fora aceptada a emenda porque, como dicía, non só é responsabilidade neste caso de AMTEGA, Axencia de Modernización da Xunta de Galicia, senón tamén do Estado e das compañías.

Con respecto ó manifestado polo voceiro do BNG en relación coas subvencións ás empresas, sabemos que non é a solución pero mentres non se desenvolva todo o plan de banda ancha e todo o problema de telefonía é unha solución para moitas empresas, porque por exemplo no meu concello sobre todo explotacións agrarias que tiñan problemas de sinal solucionaron o problema e hoxe poden estar traballando con normalidade grazas a estas subvencións que lles axudan ó implantamento da banda longa.

En canto á amnesia selectiva de que falaba o señor Deputado do Grupo Socialista, está tamén moi asentada neles porque como anteriormente lle dicía o voceiro do BNG ó Sr. Santos, antes tódalas mocións do Grupo Socialista ían dirixidas ó Goberno Central e agora cambiaron porque goberna o Partido Socialista, e van á Xunta; polo tanto a amnesia selectiva tamén lles afecta a vostedes.

Como dicía, agradecer que se nos aceptara a emenda, e o noso voto vai ser a favor da moción”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Di o voceiro do Grupo Popular, persoa á que aprezo e sabe que llo digo sen acritude e ata con cariño, pero xa que estamos a falar de modernización tecnolóxica obviamente debemos falar de todo, e do que afecta a esta Institución; aparte, vostedes teñen que entender que onde fan demandas de modernización tecnolóxica nós, os que estamos na oposición, aproveitemos para esixirlles esa mesma rapidez, ou instalos a que cumpran tamén as súas competencias.

Parece ser que os problemas que temos dependen dun contrato subscrito, eu non o coñezo, pero os contratos pódense cambiar e se se necesita máis velocidade haberá que apurar porque creo que Telefónica podería facelo, e non o fai de xeito gratuito co cal espero que quede nas súas mans e que o fagan.

Pedíame que funcionen as pantallas, non lle vou dicir a cantidade porque non a sei exactamente, ó mellor en Intervención pódennlo explicar, pero dáme a sensación, e eu votei a favor dese gasto, que saíron bastante caras; o resultado é que eses cartos, sexan poucos ou moitos, están aí tirados dende o meu punto de vista.

E logo dime que eu reclamo sobre a web, efectivamente reclamei sobre a web porque me laminaron, me fusilaron, e me quitaron un curriculum político, persoal e administrativo que, para ben ou para mal, está aí; non sei quen foi o comisario político que fixo iso pero eu presentei o correspondente escrito, e vostedes rectificaron. Pero alégrome, quizá foi un lapsus, que diga que me poñen o que queira na páxina web, sei que non foi vostede pero na páxina web teñen que poñer o que corresponda, porque xa me laminaron en fotos, publicaron boletíns informativos do Partido Socialista, que non os fixo vostede, onde na foto que estaba Manolo Martínez lamínano e córtano, réxime comunista puro e duro; por tanto non me veña dando explicacións de que se portan ben porque non; fan ben, xa non estou no Partido Socialista e a verdade é que nin quero estar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Eu non sei se nos portamos ben ou non pero creo que facemos o que temos que facer no que é responsabilidade de calquera goberno provincial.

E vou aclarar algo, porque aquí parece ser que agora todo o mundo se ofende, o Sr. Ferreiro ofendeuse, non era nada persoal, pero tamén lle quero puntualizar outras cuestións; dixo vostede que eu era o único que intentaba resolver algo, non, aquí tódolos meus compañeiros traballan, non só eu nin ningún outro senón que todos estamos para defender os intereses dos nosos veciños, non

só Pablo Rivera porque non se trata diso, trátase de que dende o Presidente ata cadaún dos Deputados estamos para facer o noso traballo.

En concreto, teño que retirar tamén o que dixeran porque vostede onte ás vinte e dúas corenta da noite presentou un escrito rexistrado correctamente na sé electrónica, ou sexa que tan mal non funciona, porque tamén era festivo.

A partires de aí calquera cuestión que se mellore paréceme moi ben, pero temos que levar o debate cara a outro lado cando estamos a falar dunha moción tremendamente interesante para os veciños da nosa provincia”.

Neste momento o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, toma a palabra sinalándolle o Sr. Presidente que debe respectar os turnos de intervención.

Continúa o Sr. Ferreiro Fernández nas súas manifestacións indicándolle o Sr. Presidente que respecte os turnos e que o avisa por segunda vez e non o volverá avisar.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Esta moción está suficientemente debatida, vese claramente cal é o obxectivo que se persegue, acéptase a emenda, e creo que aquí tódalas administracións que teñen competencias deben facelo porque é importante e relevante tratar de mellorar esta cobertura móbil co obxectivo de que todo o mundo poda ter acceso a uns servizos públicos básicos, entre eles a cobertura móbil e internet, así que moitas grazas”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Pídolles que se axusten un pouco ó contido das mocións, creo que hai bastante que debater co sentido das mocións sen poñerse a discutir doutras cousas; así que espero que tomen nota”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada, coa inclusión na mesma da emenda do Grupo Provincial Popular que foi aceptada polo Grupo proponente da moción.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A QUE REALICE OS TRÁMITES OPORTUNOS PARA CONVERTER O MIRADOR DE MONDOÑEDO NUN CENTRO DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Veiga Outeiro e Xosé Ferreiro Fernández, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para instar ao Goberno da Deputación a que realice os trámites oportunos para converter o Mirador de Mondoñedo nun Centro de Inmersión Lingüística.

Exposición de Motivos

O Mirador de Mondoñedo naceu como un hostel-restaurante e estivo en funcionamento de maneira regular ata que a reforma da N-634, hai máis de 25 anos, complicou a súa continuidade xa que a ampliación da estrada reduciulle prazas de aparcamento e unha liña continua eliminoulle o acceso aos vehículos que circulan en sentido Lugo.

Desde que rematou a actividade económica da última concesión deste edificio, hai xa mais dunha década, a institución que ostenta a súa titularidade, a Deputación de Lugo, sacouno á venda no 2011 sen que houbera ofertas en firme quedando deserta a adxudicación.

A finais do ano 2017 comezou unha primeira fase de rehabilitación do Mirador por medio dun Obradoiro de Emprego da Xunta de Galicia, fase que contou cunha subvención de 274.000€ dos que o goberno da Deputación achegou 50.000€, para acondicionamento do exterior da fachada,

peches, cuberta e carpintería. Prevíase unha segunda fase para a seguinte anualidade para o acondicionamento e mellora do interior.

Tendo en conta que nos orzamentos da Deputación para 2019, aprobados o pasado 27 de novembro, contéplase unha partida de 300.000€, recollida no capítulo VII, en Transferencias de Capital a outras Entidades Locais para promoción turística e visto que o goberno da Deputación non ten definido aínda o uso que se lle van dar ás instalacións nun futuro, pensamos que é agora cando se acometan novas fases no acondicionamento do edificio, cando se debe ter claro o proxecto definitivo, e por eso traemos a proposta de converter o Mirador de Mondoñedo nun Centro de Inmersión Lingüística, recollendo así tamén as propostas formuladas por colectivos de Mondoñedo nunha reunión que mantiveron coa alcaldesa e os membros da corporación municipal en xaneiro de 2018.

Aínda que a proposta inicial da Deputación era reconverter o Mirador nun albergue, nós pensamos que iso non sería positivo para Mondoñedo xa que afastaría os peregrinos da cidade. Así neste sentido se manifestou o pleno de Mondoñedo unánimemente na sesión do 29 de setembro de 2017, cando todos os grupos políticos (PP-BNG-PSOE) acordaron *“instar á Deputación de Lugo a que presente á maior brevidade posible o proxecto definitivo de posta en valor do inmovble que garantiría a súa efectiva rehabilitación”* e tamén *“que o investimento económico preciso para tal fin sexa recollido nos orzamentos de 2018”* e , así mesmo *“que para o uso do inmovble, estando de acordo todos no turístico, se descarte a exclusividade da ubicación dun albergue de peregrinos.”*

Por iso, atendendo a este acordo plenario, e ás propostas dos colectivos mindonienses, propomos situar no Mirador un centro de inmersión lingüística, que é un método de ensinanza de idiomas que pretende mellorar a formación dos alumnos interesados no coñecemento dunha segunda lingua por medio de cursos intensivos onde se combinan as clases tradicionais, a convivencia con nativos profesionais na ensinanza de idiomas, máis actividades culturais e de ocio impartidas por monitores bilingües para garantir a inmersión total no idioma ao longo de todo o día.

As instalacións do Mirador de Mondoñedo poden ser ideais para acoller esta actividade de formación e convivencia xa que se encontra situado nun lugar illado da cidade de Mondoñedo, o que permite realizar estas actividades de inmersión sen a distracción doutros ambientes. Ao mesmo tempo tamén está ben comunicado cos principais núcleos de poboación do país o que o pode facer do Mirador un centro de inmersión de referencia no noroeste peninsular. Está a menos de dúas horas de Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo ou Ourense; incluso podería dar servizo á zona de Asturias e provincia de León.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao goberno da Deputación a que realice os trámites oportunos para converter o Mirador de Mondoñedo nun Centro de Inmersión Lingüística.

2º.- Que nas vindeiras fases de rehabilitación do inmovible se contemple este uso”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución do seguinte teor:

“Proponse o seguinte acordo:

1º) Que a Deputación Provincial de Lugo leve a cabo, de forma inmediata e urxente, todas as medidas necesarias para protexer as obras de rehabilitación e mellora que se acometeron recentemente no Mirador de Mondoñedo.

2º) Que a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo, de maneira conxunta, soliciten un Centro de Inmersión Lingüística para Mondoñedo sen condicionar a súa posta en funcionamento a ubicalo no Mirador, tendo en conta o deteriorada que se atopa esta infraestrutura”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Con esta moción imos baixar un pouco máis ó mundo máis concreto e real, porque normalmente, e falouse antes por parte do PP e do PSOE, se dirixen sempre mocións ó Estado en función de se uns ou outros están no Goberno do Estado; pois nesta moción non imos ter ese problema.

É un problema que existe en Mondoñedo, curiosamente aquí temos á máxima responsable do concello de Mondoñedo, e a titularidade do Mirador de Mondoñedo é da Deputación; e curiosamente aquí temos ó Presidente da Deputación. Entón hai que partir da base de que este problema podémolo resolver aquí. Presenta a proposta o Bloque Nacionalista Galego, e PP, PSOE e Bloque Nacionalista Galego creo que temos que chegar a un acordo con esta proposta.

Este é un tema que suscita moito interese entre colectivos e veciños de Mondoñedo, moitos deles hoxe aquí presentes, e ós que lles queremos dar tamén a benvinda a este Salón de Plenos.

Somos coñecedores case todos da situación de deterioro continuo que leva o Mirador de Mondoñedo que vai camiño de facer medio século, e que no seu día foi un local de hostalaría, e dende que rematou a súa última concesión, hai máis dunha década, e despois de que esta Institución o sacara á venda no ano 2011 quedando deserta ao non haber ofertas firmes, o único que se fixo foi ir paliando ese deterioro, incluso tapiando as ventás para que non entraran ninguén facer máis destrozos ou a roubar.

Nós traemos unha proposta no punto de acordo, pero tamén queríamos facer unha reflexión ao respecto, que é a ver se todos conseguimos ter claro para que se vai destinar, non ten porque ser un uso só, nós propoñemos un centro de inmersión lingüística, pero cando estamos falando dun edificio que levou moitos cartos públicos dende que está pechado, agora mesmo levamos contabilizados 574.000 euros, 274.000 dun obradoiro de emprego e outros 300.000 que están consignados no Capítulo VI dos Orzamentos; falábase incluso dunha segunda fase dun obradoiro de emprego, que podían ser outros cen ou douscentos mil euros; e non podemos seguir metendo cartos públicos sen saber para que.

Por iso dicía que a ver se entre todos conseguimos hoxe decidir aquí o que imos facer co Mirador de Mondoñedo, o obxectivo que temos para ese edificio e a ver como se consegue ese obxectivo.

Somos conscientes de que houbo máis ou menos unanimidade, creo que no Concello de Mondoñedo tódolos Grupos Políticos alí están polo labor de darlle un uso xa definitivo ó Mirador de Mondoñedo, así o acordaron xa no Pleno de setembro de 2017 polo que instaron á Deputación de Lugo a que presentara á maior brevidade posible o proxecto definitivo de posta en valor do inmovible que garantiría a súa efectiva rehabilitación, e tamén que o investimento económico preciso para tal fin sexa recollido nos orzamentos de 2018; iso non foi así, está recollida unha parte polo que entendemos ó ver no Capítulo VI dos orzamentos de 2019 eses 300.000 euros.

O que nós propoñemos, porque sabemos que saíu tamén desas reunións que acertadamente se están facendo en Mondoñedo de participación cidadá esa proposta de convertelo nun centro de inmersión lingüística; por iso o que propoñemos nós é instar á Deputación a que realice os trámites oportunos para converter o Mirador de Mondoñedo nun centro de inmersión lingüística, e que nas vindeiras fases de rehabilitación do inmovible se contemple ese uso.

Creo que en liñas xerais todos sabemos máis ou menos en que consiste un centro de inmersión lingüística, sabemos que teñen moitísima demanda, en Galicia só existe un deses centros, hai outro en Navarra que é do Ministerio de Educación e Ciencia, curiosamente onde teñen presentado solicitudes tamén non só dende Mondoñedo senón doutros Institutos de Galicia, porque o que hai nos Peares, aparte de ser privado, está a tope de solicitudes e de ocupación.

Nós vemos que o Mirador pode ser un sitio idóneo pola ubicación que ten, porque eses centros de inmersión lingüística normalmente están apartados dos centros urbanos para que non haxa ningunha mezcla de idiomas e os alumnos e alumnas se centren exclusivamente niso, que non é só estudar senón realizar tamén outro tipo de actividades, estamos falando de inmersión lingüística en inglés que, aínda que non o mencionabamos, creo que todos o entendemos.

Esta é unha proposta que, aínda que a trae o BNG, non se nos ocorreu a nós senón que se lles ocorreu ós colectivos de Mondoñedo e que entendemos que é moi interesante. Estamos abertos a outras propostas que se fagan, porque nós entendemos que hai que poñer un fin para o que vaia ser destinado ese edificio para poder rehabilitalo en condicións e para non seguir dilapidando cartos, xa sei que non é a intención do concello de Mondoñedo nin da Deputación facelo, pero ós feitos temos que remitirnos, en ano e pico 574.000 euros e que non haxa nada no Mirador non é normal”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Eu tamén empezo desexando bo nadal a tódolos membros da Corporación e a tódolos que nos escoitan; felicitando á Secretaria que hoxe é o seu primeiro Pleno e que ademáis, como dixeran cando tomou posesión, é a primeira muller que asume esta responsabilidade nesta Corporación, o cal nos enche de orgullo ó resto de mulleres que formamos parte dela, alo menos a mín; e permítanme tamén que dea a benvida ós veciños de Mondoñedo, ó voceiro do BNG Eloy, e ó noso cronista oficial, non sei se está a nosa voceira do Partido Socialista que, como saben, é asesora nesta Casa, porque hoxe creo que é un Pleno importante onde Mondoñedo está presente.

Moi brevemente, pero probablemente me fagan falta os seis minutos porque a historia do Mirador, alo menos dos últimos anos, esa negra historia e ben negativa, require puntualizar que se fixo no Mirador e dende logo rectificar algúns dos datos que deu o voceiro do BNG, porque no Mirador de Mondoñedo dende o ano 2007 en investimento foron os 72.000 euros desta Institución practicamente, o resto dos 200.000 que vostede citaba son os gastos de salarios do obradoiro de emprego, e os 300.000 van nos orzamentos para o ano 2019, creo que ademáis froito dun acordo deste Grupo co Presidente que, tamén hai que dicilo, chega probablemente tarde e mal.

No ano 2007, o día das San Lucas, o anterior Presidente Besteiro, acompañado do representante do Partido Socialista e membro do goberno por aquel entón, o Sr. Modesto, e sendo Alcalde do Bloque Nacionalista Galego Orlando González Cruz, visitaron o Mirador e comprometeron publicamente que ía ser rehabilitado e ía ter un destino, por aquel entón o

gobierno de Mondoñedo, eu tamén fun convidada como voceira da oposición a esa reunión, demandaba máis prazas hoteleiras, había en marcha un plan de dinamización turística e trasladábanlle ó goberno da Deputación a obriga de rehabilitar ese edificio.

Dende o ano 2007 ó 2010 non se soubo nada máis; no ano 2010 o Grupo Provincial do Partido Popular visita a instalación, levanta unha serie de reportaxes fotográficos onde se vía nun estado absolutamente penoso, onde incluso se atopaban restos de animais falecidos dentro do edificio do Mirador. Fixéronse varias preguntas no ano 2011, no ano 2012, naquel momento, como ben sabe o Sr. Veiga, o Bloque Nacionalista Galego formaba parte do goberno desta Institución, incluso, se mal non recordo, levando a área de turismo. No 2011 chegaban ás eleccións, había que xustificar a ver que se podía facer co Mirador, sacan unha poxa que queda deserta; e iso foi o que se fixo, resumindo moito pero creo que dixen o máis importante, entre o ano 2007 e o 2011.

No ano 2012 fixemos varias consultas, preguntas, etc., tampouco nada se soubo do Mirador, e no ano 2014 este Grupo leva unha iniciativa onde pediamos a implicación orzamentaria desta Institución para rehabilitar ese edificio. Esa iniciativa sae adiante, foi concretamente o 28 de xaneiro de 2014, e o 28 de outubro, aí vou facer un punto de inflexión, o Grupo Provincial Socialista presenta en Mondoñedo o que ía ser unha idea estrela para resolver a posta en valor do Mirador, que era un albergue de peregrinos.

Esa iniciativa non tivo o respaldo popular, de feito calquera iniciativa que sexa alonxar os peregrinos do casco non era ben acollida nin pola asociación de comerciantes, nin polas asociacións de veciños, nin tampouco polos Grupos Políticos, tanto é así que o Grupo que vostede presidía xa daquela emendou a proposta do Partido Socialista abrindo un pouco o uso desa instalación, e esixía que ademáis de albergue de peregrinos fora como un albergue da natureza, un albergue de ocio.

En definitiva, dende o ano 2007, e estamos no 2018, o que se investiu no Mirador de Mondoñedo foi un obradoiro de emprego financiado pola Xunta de Galicia, e nestes orzamentos que vimos de aprobar o mes pasado vai unha partida orzamentaria de 300.000 euros; iso é todo o que se fixo ata agora no Mirador.

Como vostede ben dixo, teño a honrosa responsabilidade de presidir ese concello; e como vostede ben dixo tamén, esta iniciativa que lle trasladaron dende o Grupo Municipal do BNG, que por certo explicaron no garaxe do anterior Alcalde cando, xa llo dixeran en privado e tamén llo digo en público, calquera Grupo Político ten tódalas instalacións do concello á súa disposición para poder facer reunións abertas á cidadanía; e dígollo a vostede porque tamén vostede convocou ós veciños no garaxe do anterior Alcalde, e iso como mínimo queda un pouco incorrecto, ten vostede tódalas instalacións á súa disposición.

Esa iniciativa non era tampouco do Bloque Nacionalista Galego, como vostede dixo; dende hai uns anos, dende que asumimos a responsabilidade de goberno, unha vez ó ano adoitamos reunirmos con tódalas asociacións e facemos o que lle chamamos “encontros de participación cidadá”, e aí algunha das persoas o espuxo, Mondoñedo bota en falta, e creo que hai unha débeda moi importante, tanto no Mirador coma no Pazo de Don Aire, desta Institución co que son bens, do Mirador de responsabilidade indiscutible, e do Pazo de Don Aire ó mellor poderemos ter ó mellor outro debate.

Aquí creo que debemos diferenciar dúas partes; por un lado a aposta reivindicadora de que en Mondoñedo se instale un centro de inmersión lingüística, por suposto ten o voto favorable do Grupo que represento, no concello aínda non se debatiu porque teremos Pleno o venres, pero xa lle adianto que esa idea parécenos ben, despois non me critiquen e digan que quero levar todo para Mondoñedo como dixeran en moitas ocasións aquí, pero dado que ven dun Grupo Político que non é o que eu represento, creo que ademáis é unha boa oportunidade para demostrarlle á xente que precisamente nesta sesión plenaria o espírito navideño ata a data brillou pola súa ausencia, pois a ver se nesta moción dicimos que queremos un centro de inmersión lingüística para Mondoñedo; polo tanto vaia por diante que aí vai ter o voto favorable.

A seguinte reflexión que era ó que lle convidaba a vostede antes de comezar esta sesión; vostede sabe como está o Mirador, eu díxenlle varias datas, varias preguntas, varias mocións, pero a realidade é como está; por certo, gustárame, e xa llo puxen na emenda, que no primeiro punto lle pedira ó goberno que por favor alo menos protexa o investimento que se fixo nese obradoiro de

emprego, porque me cae a alma cada vez que paso por alí e despois de ter toda a cuberta nova de madeira que se fixo no obradoiro o teñan dese xeito, que non son capaces nin de tapalo cunha lona; dito isto, xa que aproveitamos para falar do Mirador, creo que é o máis importante e o máis urxente.

A partires de aí, creo que vincular a posta en marcha dun centro de inmersión lingüística en Mondoñedo a que sexa exclusivamente no Mirador é unha vinculación que prexudica á miña cidade, porque vostede sabe como está o Mirador e por moi rápido que vaíamos en primeiro lugar os 300.000 euros non van chegar para esa posta en marcha, e non imos entrar a analizar as posibilidades urbanísticas que ten aquel entorno, porque sabe como é a orografía, está en moita pendente, esa edificación non reúne os requisitos de accesibilidade, pero ese é un tema técnico que xa decidirán os arquitectos.

Pero creo que, sen que se desgote a posibilidade de que esa ubicación sexa boa para ese centro, se a aposta con esa necesidade que temos, como a maioría dos concellos da nosa provincia, de buscar iniciativas que dinamicen, que traian xente, é que poñan en valor non só o Mirador senón a cidade no seu conxunto, eu invitaríao a que se meta dentro desas posibilidades, na emenda que lle aportamos pode votede corrixir ou engadir o que considere, pero que non nos empeñemos con que só o centro de inmersión lingüística se pode poñer no Mirador porque, por moi ben que vaian as cousas, iso significaría que teríamos un centro de inmersión lingüística en Mondoñedo dentro de catro ou cinco anos.

Eu creo que nós que estamos aquí para intentar sobre todo se estamos de acordo nun novo servizo ou nunha nova actividade, por un lado deberíamos apostar por iso, e en segundo lugar que dentro dos usos que se podan poñer no Mirador que estea ese, incluso que se miren as posibilidades de que provisionalmente se ubique noutro lugar, podo poñer de exemplo un lugar que tivo unha transcendencia formativa para toda Galicia sen precedentes como foi o seminario.

Dito isto, como xa sabe nós non teríamos ningún inconveniente en apoiar, pero tamén me gustaría que se sumara a esa reivindicación de pasar ós feitos, que efectivamente creo que esta Institución está en débeda con Mondoñedo, e que agora que ademáis se talaron as árbores que

estaban pola parte de abaixo cada vez máis o Mirador realmente parece recordar o que foi, vese xa dende Mondoñedo, incluso hai posibilidades de facer un acceso dende abaixo, hai un proxecto con Fomento de mellora de seguridade da N-634 nos puntos quilométricos entre os que se encontra a ubicación do Mirador, non é por dirixirme ó Ministerio pero indubidablemente había un proxecto de case catro millóns de euros de accesos e derivados que tamén podían afectar a isto. Entonces creo que nese contexto poderíamos chegar a un acordo que sería bo non só para Mondoñedo senón para toda a provincia”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para anunciar o seu voto favorable á proposta.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Bo día a tódolos presentes neste Salón de Plenos, bo nadal; e quixera tamén facerme eco das palabras da Alcaldesa de Mondoñedo na súa felicitación á Secretaria, para nós tamén é unha satisfacción, non só para as mulleres senón para todo o Grupo, poder contar neste mandato coa primeira muller Secretaria na Deputación de Lugo.

É certo, como dicía o voceiro do BNG, que poderíamos resolver aquí esta cuestión que fai referencia ó concello de Mondoñedo, sen embargo nós cremos que isto debe estar sometido ó criterio e aportación que fagan os veciños a través dos diferentes colectivos; e creo tamén, polas palabras da señora Alcaldesa, que esta é a filosofía do concello, segundo entendo da súa intervención isto incluso se someterá a debate no vindeiro pleno de Mondoñedo.

Polo tanto creo que esta cuestión, que xa veu tratada dalgún pleno de Mondoñedo, como aquí se falou foi aprobada por unanimidade en setembro de 2017 unha moción na que precisamente un dos seus puntos de acordo recollía que para o uso do inmovible estaban todos de acordo no turístico, e que se descarte a exclusividade ubicación dun albergue de peregrinos; isto era o que se recollía nese punto de acordo; que en xaneiro do mesmo ano, é dicir con anterioridade, se reuniu a plataforma cidadá “Comarca de Mondoñedo Unida” para analizar o futuro do Mirador con

diferentes propostas; que no texto desta asociación na que se recolle unha proposta se mantén aberta a posibilidade do centro de inmersión lingüística, pero tendo en conta pola nosa parte tamén que a lexislación vixente de entrada parece ser que non ampara esta posibilidade consideramos que é unha proposta interesante pero non ten porque ser a única, aí concordo plenamente coa Alcaldesa de Mondoñedo, que non se peche isto a unha única proposta.

E tendo tamén en conta o que o BNG nos trae a este Pleno e a emenda do Grupo Popular, eu o único que vou facer é anunciarlles a abstención deste Grupo, e facémolo ademáis cunha proposta para intentar que entre veciños e institución municipal en Mondoñedo se chegue a un acordo e nos trasladen a esta institución o que mellor consideren para ese concello; xa lles digo que por parte do goberno desta Institución estamos completamente abertos a participar, a colaborar, e a que se nos dea traslado por parte do concello desa reunión que poidan ter, na que nós podemos participar, do que se considere a mellor opción para os veciños de Mondoñedo, entendendo que o máis beneficioso debe ser precisamente para eles, e tendo en conta por suposto sempre a legalidade vixente.

De aí a nosa abstención, non o entendan como algo negativo senón todo o contrario, precisamente para favorecer a busca dese acordo imprescindible entre veciños e administración local no beneficio de tódolos mindonienses, no que dende logo, tal e como amosamos noutras ocasións, van atopar a este Goberno provincial”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar puntualizar unhas pequenas cuestións sen ningún tipo de acritude.

Sra. Candia, o Bloque en Mondoñedo réunese con quen quere, cando quere, onde quere, e como quere; eu sinto moito que vostede sexa unha Alcaldesa que mire tanto polos veciños, pero tanto, incluso onde se reúnen, onde van ou onde non van; e o dato que lle deron é falso, non foi aí, e pode preguntarlle os veciños de Mondoñedo que están aquí.

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos chegar a un acordo; nós tiñamos un pacto de goberno co PSOE nese ano en que emendamos unha moción do PSOE, un pacto escrito e público; vostede ten un pacto co PSOE pero non é escrito nin público, porque pactou os orzamentos co PSOE, por tanto imos ser un pouco serios. O Bloque Nacionalista Galego votou en contra destes orzamentos por diversas razóns, e máis o Deputado non adscrito, e o Partido Socialista lóxicamente votou a favor porque eran os orzamentos deles; e vostede abstívose segundo dixo para facilitar a aprobación deses orzamentos, ou sexa que unha negociación tívola; tódalas emendas que fixo o BNG foron votadas en contra polo Partido Socialista e a súa abstención para que non pasaran, por tanto está claro que houbo un pacto.

Entonces porque non utilizan ese pacto para sacar adiante o tema do Mirador de Mondoñedo?, a voceira do PSOE agora mesmo acaba de dicir que se absten, e se quen está no goberno mira para outro lado é que vostede non lle pediu nada ó Sr. Darío Campos ó respecto. Falen claro, tanto o Presidente da Deputación como a Alcaldesa de Mondoñedo, vaise transferir ó concello de Mondoñedo o Mirador?, fixo algunha xestión o concello de Mondoñedo coa Presidencia da Deputación eses días que andiveron negociando os orzamentos e no que negociaron os 300.000 euros?.

En canto ás emendas que vostede presenta, se as transforma en emendas de engádegas en lugar de substitución, válennos perfectamente, e pídolle ó Partido Socialista que se sume a esta proposta porque senón saímos de aquí con moi pouca confianza, estamos Grupos da oposición, e non sei o Sr. Martínez que supoño que votará a favor porque o acaba de dicir, pero esperar dende o Goberno ó que diga o concello de Mondoñedo cando temos aquí a Alcaldesa, e o Bloque Nacionalista Galego presentou esta mesma moción para levar o venres, a Alcaldesas de Mondoñedo e o Partido Popular ten maioría absoluta; eu xa sei que hai que respectar as formas pero iso é darlle voltas ás cousas.

Por tanto fagan un esforzo para que saia unánime esta proposta, e se hai que esperar catro ou cinco anos tamén os esperamos por unha solución para o Fiouco e non chegou, tamén esperamos vinte anos pola autovía e aínda están agora co estudo informativo, moitas veces catro ou cinco anos non é nada.

Repito, acéptolle se transforma as emendas para que sexan de engádegas, totalmente de acordo, ademáis están ben razonadas e parécenme interesantes”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Si que é certo, e aí coincido co voceiro do BNG, que nos deixa un pouco desilusionados a non implicación do Goberno, sobre todo porque é goberno; por certo, posicionamento que xa me temía ó non haber aquí ninguén do Partido Socialista de Mondoñedo, porque eu creo que era dende logo unha sesión importante e que a priori podía visualizar unha saída para o Mirador.

É verdade que este Grupo adoptou unha posición construtiva para que esta Institución tivera orzamentos e con luz e taquígrafos, mal que lles pese; e tamén lle digo que volveríamos facelo porque creo que esta provincia xa sufriu bastante este mandato tan incomprensible para os veciños e veciñas desta provincia, e creo que non debían seguir sufrindo as consecuencias tamén dende o punto de vista orzamentario, dixémos en moitas ocasións que sen orzamentos non se poden resolver os problemas da xente, cousa que deberían vostedes poñer en valor porque ademáis deixa entrever unha altura de miras e apartar un pouco o debate político e centrarnos na provincia.

Que estes orzamentos do 2019 teñan unha cantidade económica de 300.000 euros para o Mirador, se vostede fai unha lectura histórica dende o ano 2007, que debe facela porque estivo moito tempo dese período no goberno, sabe que nunca tanto diñeiro se destinou ó Mirador; e sabe tamén que vostede podería ter destinado non iso senón moito máis, e non só porque llo pedira o Partido Popular, que llo pediu, senón porque tiña gobernando en Mondoñedo un Alcalde do seu mesmo Grupo Político que tamén llo pedira, e cando ademáis vostedes tiñan responsabilidades de goberno en moi poucos concellos; tiñan diñeiro, tiñan proxectos, e tiñan ademáis o que era unha obriga.

Nestes anteriores debates criticámonos mutuamente que se nos dirixiamos ó Goberno do Estado cando gobernaba Rajoy ou agora que está Pedro Sánchez, ou á Xunta porque goberna

Feijóo, non, aquí estamos falando dunha obriga que ten o propietario dun edificio que a maior parte dos Alcaldes desta provincia estamos esixindo ós propietarios de inmobles particulares cando están en ruína que invistan neles para a súa rehabilitación, non é unha opción senón que é unha obriga, o único que investiu a Deputación Provincial de Lugo no Mirador nos últimos anos ata que tivemos algo que ver nos orzamentos, algo que vostede considera como negativo pero déixeme que o poña en valor, foi en tapiar as ventás; xa non hai nada que levar, asolaron todo, non hai posibilidade de conectar enerxía eléctrica porque arrincaron o tendido, non hai posibilidade de abastecemento de auga porque arrincaron tódalas tuberías, iso é como deixaron o Mirador.

Pero ese inmueble tiña un propietario que agora, que parece que nos poñemos de acordo, que nos orzamentos ten 300.000 euros, cantidade insuficiente, o Goberno di que se abstén, que isto non vai con eles; pero non é que non vaia con eles porque o diga o BNG. Eu podería adicar os meus seis minutos a dicirlle ó BNG que é incoherente, que cando puido rehabilitalo non o fixo e agora, que non aporta nada con responsabilidades de goberno nin en Mondoñedo nin na Deputación Provincial onde tampouco ten responsabilidades de goberno, pide que se fagan cousas; podía adicar seis minutos poñendo un montón de exemplos onde si que investiron noutros concellos, e xa non entro no do garaxe porque teño forma de documentalo pero tampouco é importante neste tema, pero creo que o máis importante que debemos trasladarlle a Mondoñedo e á comarca é que poidamos ter un centro de inmersión lingüística, e o máis importante é que o Mirador se vai rehabilitar a parte que técnica e urbanísticamente se poda.

E non lle oculto que o Mirador, igual ca Mondoñedo, estivo presente cando falamos dos orzamentos, ten que estar porque o Mirador é propiedade da Deputación Provincial de Lugo, e non apareceu esa cantidade por casualidade; pero tamén, todo hai que dicilo porque a política é algo absolutamente provisional, hoxe gobernan uns e mañá outros, o destino que se decida para ese inmueble debe ser compartido entre todos porque é a mellor maneira de garantir a continuidade; os veciños e as asociacións teñen unha parte importante, porque en Mondoñedo hai un importante tecido asociativo bastante dinámico, pero evidentemente o diñeiro teno que poñer a Administración neste caso propietaria.

Entonces, eu agradézolle e aplaudolle esa actitude de consenso, e reconducimos a emenda para poñela de engádegas e non de substitución. E dende logo paréceme inexplicable, tampouco nolo van ter que explicar a nós porque nese aspecto o Partido Socialista é bastante predecible, esa postura de abstención, creo que neste momento a cinco meses de rematar o mandato, xa non digo porque haxa eleccións senón por presentar balance do que se fixo por Mondoñedo e pola provincia, o Partido Socialista nun proxecto desta envergadura non se debe abster, creo que non é xusto como responsables propietarios do inmovible, que non é xusto despois do abandono en que estivo o edificio nos últimos anos, e que non é xusto porque vostedes saben que esta proposta que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular acordan hoxe ven co consenso dos veciños, e se dá vostede a volta pode consultalo porque parte deles están detrás de vostede.

Así que lle pido que se quere faga un receso, que o consulte con quen vostede considere máis representativo desa cidade, xa sei que seguramente non me vai identificar a mín, e mude o voto dunha abstención por un voto favorable porque perden vostedes unha gran oportunidade de mandar unha mensaxe de compromiso da posta en valor dese inmovible”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Moi brevemente porque eu creo que fun bastante clara na primeira intervención; Sra. Candia, o compromiso está enriba da mesa, a decisión é súa e dos seus veciños, iso é o que ten que entender deste voto de abstención; o máximo respecto á autonomía do concello de Mondoñedo e ós veciños. Vostede mesma na primeira intervención veu dicir que ía someter isto a debate, crin entender que o vindeiro venres.

Non obstante quixera facer algunha aclaración. O Bloque Nacionalista Galego ven de aceptarlle como emendas de engádegas estas dúas que presenta, e tamén quixera facer algunha aclaración con respecto a isto, porque transforma completamente a moción; eu entendo o seu celo como Alcaldesa, que é lexítimo e que ademais debe facelo, pero transforma a moción e desvíaa do espírito da conservación do Mirador de Mondoñedo para conquistar un centro de inmersión lingüística para este concello.

No primeiro punto dos seus acordos propostos, e aceptados por parte do BNG como emendas de engádegas, o día 2, se non fallan as nosas previsións, comezarán as actuacións para o lousado da cuberta, polo tanto ese punto para nós xa está á marxe de calquera cuestión ou debate.

Na segunda emenda que propón, na que di que a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo, de maneira conxunta, soliciten un centro de inmersión lingüística para Mondoñedo, isto é unha cuestión ben distinta do que é a reparación ou reconstrución do Mirador de Mondoñedo, polo tanto xa se está abrindo a dúas cousas; ademais nisto eu quero felicitar ós veciños de Mondoñedo porque a verdade é que teñen unha Alcaldesa que ten gran celo por levar diferentes cuestións para Mondoñedo, pero tamén é certo que sempre intenta desviar os debates cara a onde lle convén, e aquí vimos falar do Mirador de Mondoñedo; e na súa primeira intervención, Sra. Alcaldesa e voceira do Grupo Popular, vostede mesma dicía que non estaba claro poder realizar ese centro de inmersión lingüística en Mondoñedo; polo tanto cingámonos a esa parte do debate.

A nosa posición está clara, a nosa abstención é para favorecer que veciños de Mondoñedo, grupos políticos de Mondoñedo, e concello de Mondoñedo, nos trasladen cal é o interese para o Mirador, sen derivar isto cara a outras cuestións; se hai que facer un centro de inmersión lingüística en Mondoñedo ou en calquera outro lado, iso será obxecto doutro debate, aquí vimos falar do Mirador de Mondoñedo, e a iso é ó que nós lle imos votar cunha abstención ata que vostede nos traslade cal é o interese do seu concello.

E visto o interese que cobrou a miña compañeira voceira do Partido Socialista en Mondoñedo, eu quixera facer unha aclaración ó respecto, é tan boa traballadora como tan boa veciña de Mondoñedo e, como todos saben, non ten familia en Mondoñedo, simplemente se desprazou a pasar estes días coa familia, de aí a súa ausencia neste Pleno; vostede sabe, igual ca min, que non ten familia en Mondoñedo senón que a ten en Sevilla, por iso hoxe non está connosco, e aínda estando seguramente estaría cumprindo como fai sempre coas súas obrigas como traballadora desta Casa aínda que vostede sempre prefire referirse a ela coma unha asesora; é moi boa traballadora, vostede sábeo ben porque tamén colabora dabondo en Mondoñedo.

Polo tanto insistir en que o compromiso está enriba da mesa, o compromiso vai vinculado a cuestións económicas sempre como vostede ben di señora Alcaldesa, agora ben, cando nos trasladen cal é a mellor decisión para Mondoñedo e os seus veciños; nese momento estaremos dispostos a vir novamente ó Pleno e votar o que nos dean traslado dos acordos de Mondoñedo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Simplemente tamén para puntualizar unha serie de cousas. Díxome no outro Pleno a Sra. Candia que me agradecía que me preocupara tanto por Mondoñedo xa nos outros mandatos, pois seguimos facendo o mesmo, pero non só por Mondoñedo senón por todos os concellos.

En canto á emenda, no segundo punto onde di que “a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo, de maneira conxunta, soliciten un Centro de Inmersión Lingüística..”, non se especificou tampouco se á Xunta ou ao Ministerio, porque podería ser o Ministerio de Educación do mesmo xeito que este Ministerio ten un centro de inmersión lingüística público en Navarra; porque a outra alternativa que vostede nos dá do seminario poderíamos discutila porque é un centro privado e relixioso, aí terá que decidilo o concello de Mondoñedo porque eu saio de aquí coa idea clara e firme de que non vai haber transferencia do Mirador ó concello de Mondoñedo, esa transferencia tería que ir acompañada de cartos, lóxicamente a Alcaldesa de Mondoñedo tería que pedir unha dotación económica como se fai con calquera ben que traslada unha Administración a outra; lamentamos que iso non sexa posible.

E tamén nese segundo punto onde di: “..sen condicionar a súa posta en funcionamento a ubicalo no Mirador, tendo en conta o deteriorada que se atopa esta infraestrutura”, tamén tería que haber un estudo técnico que descarte a posibilidade de instalalo no Mirador, non porque á Corporación ou á Alcaldesa de Mondoñedo se lle ocorra, porque nós tampouco nos imos aventurar a dicir que é posible ó 100% instalar alí o centro de inmersión lingüística”.

A continuación pide a palabra a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular para realizar unha consulta, séndolle concedida pola Presidencia, e para manifestar o seguinte:

“Non sei se hai algún inconveniente en que o propietario pasara a ser o concello se solicita a transferencia coa súa partida orzamentaria, ten algún inconveniente en que sexa así?, ou porque insistiu nese punto?.

Por parte do Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro maniféstase que non ten ningún inconveniente niso.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“En primeiro lugar dicir que está contratada a cuberta do Mirador e, segundo os técnicos, parece que empezarán o día dous, por tanto o compromiso do goberno si que o hai, e mellor compromiso ca que saia no Boletín non o hai. E abstémonos no sentido que xa manifestou a Deputada de que ten que ser o concello e os veciños de Mondoñedo quen decidan o que queren facer con iso”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que se vai someter a votación a moción xunto coas emendas presentadas polo Grupo Provincial Popular e aceptada polo Grupo Provincial do BNG; efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada polo Grupo Provincial do BNG, engadidas as emendas do Grupo Provincial Popular.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA INSTAR A ADIF A QUE SAQUE A VÍA DO TREN DO CENTRO DA VILA DE PARGA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para instar a ADIF a que saque a vía do tren do centro da vila de Parga.

Hai uns meses, ADIF presentou ante o equipo de goberno de Guitiriz un proxecto para proceder á eliminación dos tres pasos a nivel existentes neste momento no casco urbano da vila de Parga, no concello de Guitiriz.

Este proxecto non é para nada o primeiro, pois xa noutras ocasión se propuxeran fórmulas deste tipo, fórmulas que sempre contiveron o denominador común de eliminar os pasos a nivel a costa de partir a vila de Parga en dúas vilas completamente illadas e separadas entre si.

Este tipo de proxectos sufriron un forte rexeitamento veciñal, xa que a xente é perfectamente consciente do que supón que a vila quede partida en dúas metades, que pase a haber un Parga de Arriba e outro Parga de Abaixo, cos inconvenientes para a vida cotiá que isto levaría consigo.

Pero as repercusión tamén serían de tipo económico, pois este tipo de proxecto, de levarse a cabo, sería a liquidación da dúas feiras mensuais que teñen lugar en Parga e que son unha das maiores fontes de ingresos existente na vila nestes momentos.

Dende o BNG de Guitiriz lévase defendendo dende hai anos un proxecto alternativo, consensuado coas persoas que viven en Parga, consistente en sacar a vía do ferrocarril do centro de Parga, desviándoa na Ponte da Retorta polo norte de Parga e conectándoa de novo á altura de Recemil.

Este proxecto reduciría o trazado actual de 5 Km a 3,7 km, eliminaría o perigo dos pasos a nivel na vila e, o que é tamén moi importante, non dividiría a Parga, senón todo o contrario pois facilitaría a súa interrelación así como a potenciación das citadas feiras de Parga.

A mellora da seguridade ten que ser un principio esencial, pero o que non se pode é facelo a costa de arruinar todo un pobo, máxime cando existen outras alternativas moito máis eficientes para poder chegar a ese obxectivo sen levar a cabo a desfeita que pretende facer Adif.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, facéndose eco da vontade maioritaria das persoas de Parga, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo rexeita o actual proxecto de Adif para suprimir os pasos a nivel na vila de Parga que suporía a división da vila en dúas.

2º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta a Adif para que proceda a elaborar e executar un novo proxecto no que se contemple a eliminación destes pasos a nivel sacando a vía de ferrocarril na súa totalidade da vila de Parga”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Antes de nada, e referíndome ó punto anterior, pedirlle desculpas ó Sr. Presidente por ter intervido fóra do meu turno. Non é a intención deste voceiro facelo, creo que é a primeira vez que o fago e espero que non volva repetirse e cinguirme exclusivamente a falar cando me toca, en todo caso contestar ás distintas intervencións no meu turno de palabra.

En canto a esta moción, a verdade é que ten moito que ver coas dúas primeiras das que falamos aquí. Trátase de cal ou como ten que ser a liña de actuación política das distintas administracións cara á provincia de Lugo, provincia eminentemente rural; como ten que actuar unha administración cando toma unha decisión política sobre algo que afecta a ese rural da provincia de Lugo tendo en conta que algúns cremos que non hai futuro para a provincia se non se teñen en conta as necesidades do rural á hora de levar a cabo decisións políticas.

Aquí estamos a falar dunha infraestrutura tan fundamental para o desenvolvemento de calquera zona ou de calquera provincia neste caso, como é o ferrocarril; estamos a falar do ferrocarril terciromundista que temos na provincia de Lugo; hai unha cuestión que é innegable, neste momento para ir dende Monforte á Coruña aínda hai que seguir cambiando a locomotora en Monforte porque debe ser dos poucos tramos de vía que existen que aínda non están electrificadas.

Estamos a falar tamén dunha pequena vila rural onde existen tres pasos a nivel onde as persoas e os vehículos teñen que convivir á mesma altura do que é o propio ferrocarril, cousa que neste momento en pleno século XXI creo que é inaceptable, é dicir, é máis un deseño de ferrocarril do século XIX ca do século no que estamos. Iso súmase á propia política que ten ADIF en canto a ferrocarrís, dicía o meu compañeiro nunha moción que se tratou hai uns meses que unha persoa podía percorrer en FEVE todo o norte da provincia sen que ninguén se dirixira a ela para pedirlle o billete; exactamente o mesmo pasa neste caso, unha persoa pode coller un dos dous trens que paren en Parga, en Guitiriz ou en Rábade, e ir a Lugo e volver, sen que ninguén se dirixa a el para venderlle o billete, e logo venenos ADIF coas súas cifras de viaxeiros e de grandes perdas que ten o transporte de viaxeiros desa vía férrea, que é verdade que as ten, pero tamén é verdade que as ten pola propia incompetencia do propio ADIF.

En todo caso estamos todos de acordo en que é necesario sacar eses tres paso a a nivel que existen na vila de Parga. No que non estamos de acordo o BNG, facéndonos eco da opinión que teñen os veciños e veciñas de Parga, é que iso se faga a costa de dividir esa vila en dúas completamente illadas unha da outra, de que iso se faga a costa de darlle o tiro na nuca, por dicilo dalgún xeito, ás dúas feiras mensuais que se celebran nesa vila e que son un dos poucos motores económicos que lle queda á propia vila e á comarca de Parga.

De levarse adiante este proxecto significaría meterlle un dobre valado á vía en ambas marxes que quedaría completamente illada unha parte da vila con outra; é máis, como pasou por exemplo nalgún barrio de Guitiriz, iso levaría consigo que antes ou despois algún veciño cortara a propia cerca e se adiquen a pasar igualmente cruzando a vía, co cal aínda no canto de solucionar un problema de seguridade estaríamos incrementandoo, polo que esa solución dende calquera punto de

vista é inaceptable; por certo que non é a primeira vez que ADIF propón isto senón que xa o fixo noutras ocasións co mesmo resultado de rexeitamento da propia poboación de Parga.

Dende o BNG, facéndonos eco do que opinan a maioría dos veciños da zona, cremos que a única solución posible é sacar esa vía da propia vila; neste caso cremos, logo os técnicos dirán o que crean máis oportuno, que a solución sería sacala pola parte norte da vila, co cal incluso se acurtaría o traxecto, e por un lado sacariamos os pasos a nivel co que incrementariamos a seguridade, e por outra banda non só non dividiariamos a vila senón incluso facilitaríamos que se compactara aínda máis.

Por tanto parécenos esa a solución máis oportuna, e creo que deberamos estar todos de acordo en solicitarlle a ADIF que faga o investimento necesario e que proceda a sacar a vía do tren pola parte norte da vila”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O Grupo Socialista imos apoiar esta proposta, o que non significa que non queiramos expoñer diferentes matices respecto á mesma; porque o que non se pode é construír os relatos, os discursos, e a historia, sobre o que nos interesa para sostelos senón sobre o que realmente é e está pasando.

Parga está dividido polo tren, de feito Parga naceu dividido polo tren tal e como o coñecemos na súa formación actual; non naceu alí mesmo senón que naceu uns metros máis arriba o que é o pobo de Parga, e coa chegada do ferrocarril foise asentando a poboación entornando á vía do tren porque era onde chegaban as oportunidades, chegaban recursos, chegaban soldados, e chegaban moitísimas cuestións.

E se Parga non estivese dividido pola vía do tren non estaríamos falando de tres pasos a nivel, que son os tres puntos nos que con vehículos ou con peóns se pode cruzar dun lado cara o outro do pobo, do lado de Friol cara ó lado de Guitiriz ou do lado de Guitiriz cara ó lado de Friol.

Agora mesmo pódese cruzar a pé por onde tiña o taller das bicicletas o Toñé, polo centro da vila onde estaba a Caixa e a Lolita, ou pola parte do campo da feira onde tiña o almacén o Pito, pero son os tres puntos polos que se pode pasar, da farmacia para o Recreo non se pode pasar sen dar volta, e da casa de Moeche para o Serafín tampouco sen saltar o desnivel que hai na vía.

Esa é a realidade do que hai en Parga, hai tres puntos polos que se pode pasar, que ADIF fai un proxecto que non nos satisfai a ninguén porque significa transformar dun xeito radical o funcionamento do tráfico das persoas e dos coches; con que filosofía ou con que mentalidade?, suprimir os tres pasos a nivel, tres pasos a nivel nos que houbo mortes, accidentes, e episodios moi dramáticos e que foron un problema de seguridade.

Eu aínda lembro de pequeno cando se pasou do gardabarreiras ó sistema actual automático tamén había quen pregonaba polos bares de Guitiriz que iso era unha catástrofe, que quen ía mirar mellor pola seguridade ca o gardabarreiras que tiña oído e ollos e que sabía a que horas pasaba o tren; pois reducíronse os sinistros; e hoxe a xente sabe que ou non funcionan as vallas pero funcionan os semáforos, ou que alo menos hai unha advertencia de seguridade cando levantan dun lado e doutro están baixadas, que ten pasado algunha vez; co cal tampouco obviemos esa mellora na seguridade que se pretende coa supresión dos pasos a nivel, buscando unha solución que oxalá poda ser máis axeitada pero cunha realidade que nos está encima, que é a obriga de suprimir os pasos a nivel, non é unha vontade nin unha intención senón que é unha obriga que ten que asumir o ADIF, o titular das vías de tren, esa supresión dos pasos a nivel en tódolos lugares; para Parga fixo un proxecto, é verdade que xa tiña feito outro; pero non se pode tampouco demonizar todo.

A Alcaldesa de Guitiriz fixo unha xestión moi importante, dirixirse ó ADIF para conseguir que o proxecto fose exposto ós veciños; alguén politicamente pretendeu vincular á Alcaldesa de Guitiriz co proxecto, absolutamente falso, o único que fixo foron as xestións para que esa reunión que se produciu en días pasados fose unha realidade, xestións que tiña iniciado con anterioridade e que non deron o seu froito ata que cambiou o Goberno, e cun goberno do Partido Socialista conseguiu que iso fose unha realidade.

Pero o proxecto non ten selo político nin do PSOE, nin do PP, nin do Bloque, nin de Ciudadanos, nin de ninguén, é un proxecto cun selo técnico que busca unha alternativa con viabilidade no plano da seguridade e no plano construtivo para suprimir os tres pasos a nivel que hai, e se houbera un selo político que poñerlle sería o de quen gobernaba en Madrid cando se redactou o proxecto que era o Partido Popular, pero ata non creo iso; é verdade que se conseguiu esa reunión e os veciños trasladaron ós técnicos responsables do proxecto de ADIF a súa postura, é verdade que tampouco ninguén invitou ós veciños a asumir a responsabilidade que se puidese derivar dun accidente por non executar esta actuación, diso non lles fala ninguén, iso que o asuman outros.

Pero hai outras alternativas que teñen pouca viabilidade, iso hai que dicirllas con franqueza ós veciños de Parga, un investimento de centos de millóns de euros para desdobrar a vía é moi improbable que se faga a curto ou medio prazo independentemente de quen governe en Madrid; é moi difícil que o ADIF, coa carga económica que ten agora para asumir a rede de ferrocarrís como está, poda desenvolver ese proxecto, oxalá sexa certo e oxalá valoren unha alternativa que sexa posible.

E digámoslle tamén ós veciños de Parga a verdade, que desviar a vía do centro do pobo posiblemente leve consigo que nunca máis vaia parar un tren en Parga; foi a Alcaldesa de Guitiriz a que promoveu diferentes iniciativas e viaxes reivindicativas de maior frecuencia e maiores paradas de tren en Parga como medio de transporte, sobre todo cara a Lugo e incluso cara a Guitiriz, das persoas desa vila, e sobre todo das persoas maiores; porque non se pararon a pensar na frecuencia de autobuses que ten Guitiriz con Lugo, pero é practicamente inexistente e absolutamente inoperativa para as necesidades de desprazamento de traballo, de xestión, ou de ocio, tan sequera de calquera veciño ou veciña de Parga. Sacar a estación do centro do pobo probablemente conleve sacar a estación de Parga, e nunha perspectiva na que hai corenta anos ninguén pensaba que non ían parar os trens en Parga hoxe ó mellor pensamos que nunca máis van volver parar, e dentro de quince ou vinte anos hai unha solución tecnolóxica que fai que podan parar os trens en Parga.

Por tanto eu creo que isto hai que adoptalo cunha madurez e cunha reflexión un pouco maior cá que se lle está dando; non obstante facer esa supresión dos pasos a nivel probablemente

teña un impacto na imaxe e na percepción que os veciños e veciñas teñen sobre a súa propia vila que non sexa o máis axeitado, e polo tanto nós imos apoiar esta proposta, pero non queremos facelo sen advertir da realidade que é Parga, é un pobo atravesado pola vía do tren xa que medrou entorno á vía do tren.

Alédame que alo menos plantexen a situación do desdoblamento, non sei se marcan o trazado porque aquí non se ve pero era ben ter un mapa para ver por onde vai o trazado porque esas cuestións, aínda que obedecen ó ámbito técnico, en plano é moi fácil debuxar, cando non é en plano non é tan fácil construír; pero vaia por diante ese noso apoio a esta iniciativa para ver se ADIF busca outra solución que poda mellorar a alternativa proposta para a supresión dos pasos a nivel de Parga, pedindo que se lle expliquen con franqueza ós veciños e veciñas as consecuencias que poden ter unha ou outra decisión”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Moi bo nadal a todos e ventureiro ano 2019.

Creo que tódolos aquí presentes, e máis os que vivimos en pobos, vilas, ou concellos atravesados polo ferrocarril, coincidimos na importancia que tivo o ferrocarril na nosa recente historia, concretamente podemos dicir que posteriormente á guerra civil e durante o século XX a maior parte dos pobos desenvolvéronse ó carón das vías do ferrocarril, un desenvolvemento económico, social, e ó mesmo tempo axudaron a vertebrar o noso territorio.

Coa chegada da automoción e do uso dos coches diminuíu o uso do ferrocarril, pero vilas como a de Parga ó carón desa vía desenvolvéronse a ámbalas dúas marxes. Lóxicamente debemos priorizar a seguridade, e se en anteriores etapas os vehículos que atravesaban esa vía eran moitos menos hoxe, ó utilizar os coches e ó atravesar por eses puntos, temos máis riscos tanto os que van nos vehículos como os que van a pé, se ben mellorou moito a seguridade pero temos que tender a melloralala máis. Non acontece só no concello de Guitiriz senón tamén noutros concellos, como Rábade ou Begonte, no que tamén se levaron a cabo ese tipo de infraestruturas, aínda están

pendentes tamén polo rexeitamento da poboación en canto ás infraestruturas que pretendía desenvolver ADIF.

Con respecto á intervención do Sr. Santos, para apoiar esta moción parece máis ben que vostede é pai deste proxecto porque fai unha defensa importante do que pretende facer ADIF, supoño que ten un pouco que ver coa mala xestión ou a falta de capacidade de liderazgo e de xestión da Alcaldesa de Guitiriz, precisamente do Partido Socialista, que vendo un pouco o que se lle ven enriba, e tendo en conta a cita electoral que está a chegar, lonxe de poñerse a favor de ADIF despois de ter unha xuntanza cos veciños, precisamente despois de que xa a tivera o Partido Popular que tivo que ser quen tomou a iniciativa por parte do voceiro do Partido Popular no concello de Guitiriz, José María Teixido, que tivo que reunirse cos veciños de Parga para explicarlles cal era o proxecto que pretendía desenvolver alí ADIF; posteriormente somouse o BNG a este tipo de reunións informativas, que é algo que tería que liderar o Alcalde, pero precisamente por esa falta de capacidade e de liderazgo, e o que é máis grave, de defensa dos intereses dos veciños, que para iso nos elixen, vendo a problemática e a oposición que así lle testemuñaron os veciños do que realmente querían e non querían para a vila de Parga, lóxicamente teñen que recuar vostedes.

Nós imos apoiar esta moción porque así o fixo tamén o Partido Popular no concello de Guitiriz no recente Pleno, e porque estamos de acordo en que hai que mellorar a seguridade, e tódolos proxectos que se leven a cabo para eliminar este tipo de pasos a nivel se teñen que facer sempre co maior consenso posible, e sempre tendo en conta a opinión dos veciños. Lóxicamente fai vostede esa defensa do que podería ser e podería repercutir, pero quen mellor que os veciños de Parga para saber se lles interesa ou non ese tipo de infraestrutura e calquera outra iniciativa que poida plantexar ADIF para solucionar ese problema”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar agradecer que a moción parece que se vai aprobar por unanimidade, á espera do que diga o Sr. Deputado non adscrito.

En canto á intervención do Sr. Santos, agradecemoslle que quede claro que é da zona e que coñece ben a vila de Parga, non o poñemos en dúbida, pero para votar a favor a verdade é que os peros foron maiúsculos; a seguridade é sempre o primeiro, e de que hai que eliminar os pasos a nivel creo que estamos todos de acordo; que a vila creceu a ambas marxes ó carón do ferrocarril, seguro; e que hoxe está certamente dividida polo ferrocarril, tamén. O que dicimos nós simplemente é que non vai mellorar a seguridade porque ó final a xente vai cruzar a pé por onde non debe, e que ese proxecto que hai enriba da mesa vai dividir aínda máis a vila, aparte da propia imaxe e a percepción de ter un dobre valado no medio da vila que a separa en dúas completamente.

Eu non nomeei aquí para nada á Alcaldesa de Guitiriz nin a ninguén, a intención do BNG, e tal e como nos pediron dende a propia vila, é intentar aprobar a moción sen que houbera esquinas, sen crear polémicas, que estiveramos todos de acordo en que ese non era o proxecto viable e sacalo doutra maneira; non nomeei para nada á Alcaldesa de Guitiriz nin a actuación de ningún Partido Político, a intención é que isto se decida aquí, que esteamos todos de acordo en que se solucione doutra maneira.

Pero intentar desvirtuar o desdoblamento da vía, ou o feito de sacala da vila por unha cuestión económica non me parece o máis axeitado, e volvemos ó mesmo de sempre, se queremos ou non defender o rural, neste caso as pequenas vilas do rural, se estamos ou non dispostos a tomar as decisións políticas para facer o que sexa necesario, independentemente do seu custo, para solucionar o problema, e moito máis nun caso onde se están gastando miles de millóns nuns AVEs que por desgraza só unha parte da poboación pode andar neles, e non precisamente a maioría dos que viven na vila de Parga, que nunca na vida polo seu nivel económico terán opción sequera a poder coller o AVE, paréceme cando menos un pouco temerario.

E tamén me parece un pouco esaxerado pensar xa a priori que se hai un dedoblamento polo norte da vila non vai haber posibilidade de facer unha estación, agora neste momento paran dous trens que se lles da o alto como se lle fai ós autobuses porque senón xa non paran, pero aínda así pode ser que no futuro consigamos que realmente se considere outra vez o ferrocarril como algo

estratéxico para o desenvolvemento do rural da provincia de Lugo, e haxa algunha forma de que pare con máis frecuencia; pero deducir que non vai haber unha estación paréceme cando menos un pouco temerario.

Eu quedo coa parte positiva de tódalas intervencións, que todos pensemos que esa non é a solución para as persoas que viven na zona da vila de Parga, e a ver se conseguimos que ADIF entre na senda de elaborar un proxecto que realmente solucione o problema de seguridade existente, e ó mesmo tempo non remate dividindo a vila e sobre todo facéndolle ese dano irreparable que se lle faría ó que son as feiras de Parga que é un dos motores económicos da propia vila”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente, xa que faltaba a posición do meu voto, para anunciar o voto favorable; por mín obviamente non vai quedar que ós veciños de Parga lles soterren as liñas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Si que é certo que coñezo ben Parga, tan ben o coñezo que tamé sei que, pese ó que lle pidan ó Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego os seus representantes naquela vila, o que ladran polos bares é diferente, por iso convén unha explicación e unha aclaración; porque os que convivimos con aquel espazo sabemos do que falamos, non menos que o Sr. Teixido que vostede trae a colación Sr. Ulla; o Sr. Teixido era aquel que sendo candidato no 2011 ía a Parga e lles dicía ós veciños que el, o futuro Alcalde de Guitiriz, ía levar a vía do tren polo Porto Pulgo, por onde agora se di na proposta do BNG; foi catro anos Alcalde e gobernou ata o mes de xullo o seu amigo Rajoy en Moncloa, nin un nin o outro sacaron a vía do tren de Parga, acordouselles agora.

Teixido, o Partido Popular, reuniuse cos veciños dende que non gobernaba o Partido Popular en Madrid, pero se fixo unha soa xestión para que os técnicos de ADIF lle viñesen explicar o proxecto con pelos e sinais ós veciños de Parga non deu froito ningún, nin tan sequera foi

coñecida esa xestión; esas xestións fíxoas a Alcaldesa de Guitiriz, e deron o seu resultado, estiveron alí os técnicos de ADIF e tomaron razón do que expoñían os veciños e veciñas; co cal iso de que non se queren aristas, non quederán que as haxa aquí para ter un dobre discurso, pero na vila de Parga están tendo entón un dobre discurso, e estano levando máis aló da vila de Parga, iso hai que dicilo porque é así.

É verdade que eses que tratan agora de vincular este plantexamento técnico a unha cuestión política porque se achegan as municipais nunca os vin subidos nun dos trens nos que viaxaban veciños e veciñas de Guitiriz reivindicando máis paradas, promovidos pola Alcaldesa de Guitiriz, nin nunca os vexo falar doutras cousas. Apelar a que é unha puñalada letal para a feira de Parga, seguramente lle afecte, ninguén o discute, pero diso tiñan que acordarse tamén cando criticaban os mesmos algunha subvención da Deputación de Lugo para a mellora do campo da feira de Parga, pero agora acordámonos da feira de Parga.

Non nos parece a mellor opción, non queremos que esa sexa a única opción para Guitiriz, e non é porque teñamos a paternidade do proxecto, que non a temos, é por franqueza cos nosos veciños e veciñas de dicirlles cales poden ser as consecuencias ou cal é o escenario real se se fai ou non se fai esta actuación; pois oxalá fagan unha estación, e fagan unha estación de AVE; que por certo en Parga como en tódolos pobos e en tódalas vilas hai xente que a súa capacidade económica non lle permitirá viaxar en AVE, pero non xeneralicemos, que a renda per cápita de Parga non é das máis cativas da provincia de Lugo, co cal hai moita xente que sabe, pode, quere, e ademáis asumiría economicamente viaxar en AVE, oxalá pasase un día por Parga e tivese parada alí tamén, aínda que iso supoño que será difícil que poida pasar.

Polo tanto, chamando á sensatez, e chamando a non facer anuncios como aquel que fixo Teixido no seu día en Parga de que el ía sacar a vía do tren polo Porto Pulgo, pidámoslle a ADIF, ó Ministerio, a quen corresponda, que valoren outras alternativas, e que non nos enganen, que nos digan se son viables e se se van desenvolver ou non, porque facer un proxecto que ninguén vai desenvolver queda moi ben e queda para o debate en mocións reiteradas nos Plenos en distintos sitios, pero vai seguir sen facerse; mentres tanto en Parga segue habendo tres pasos a nivel; mentres tanto en Parga segue habendo un problema de seguridade que permanecerá no tempo pero

que é real, e para o que temos que buscar solucións, a máis axeitada técnica pero tamén aquela que se vaia poder facer, e creo que lle debemos ós veciños e veciñas a honestidade de dicirlles que isto se pode facer así e efectivamente hai a vontade de que se faga, ou pode ser para tal data ou para tal outra data, que é simplemente a nosa postura e o noso plantexamento.

Ata agora estivemos sós reivindicando máis trens e máis paradas cunha mensaxe clara, se asumimos as consecuencias de que o tren pase polas nosas vilas, polo menos teñamos as vantaxes que ofrece o servizo, un servizo con máis horarios e con máis frecuencia; estivemos sós, con moitos veciños, pero politicamente sós, subidos ó tren da reivindicación de mellores servizos para Parga; conseguimos e xestionamos que se lle explicase dende a perspectiva técnica en que consistía este proxecto que leva redactado uns meses no ADIF, e agora imos tratar de xestionar que se contemple outra posibilidade que satisfaga ós veciños de Parga, que non os prexudique e que lles permita mellorar en canto á intensidade e calidade do servizo de desprazamento en tren, e que ademáis sexa viable e sexa factible na súa execución e posta en servizo, que permita suprimir os pasos a nivel da vila de Parga.

Eu creo que a nosa postura é ben fácil de entender, outra cousa é o que vaian dicindo por aí, que non por máis repetilo ou dicilo con maior ou menor entusiasmo deixará de ser verdade ou mentira, porque os feitos son os que son”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Independentemente do que poida opinar o voceiro do BNG, dicirlle ó Sr. Santos que non todos temos a súa elocuencia e capacidade dialéctica, pero tanto os veciños militantes do BNG coma os do Partido Popular non largan polos bares, falan, debaten, pero non largan, por canto cuide vostede o vocabulario e as expresións que utilizar para referirse a outra xente que debería ter o máximo respecto pola súa parte.

En canto á súa exposición, e ó que fala vostede do voceiro do Partido Popular no concello de Guitiriz, José María Teixido, pois foi el o primeiro que se reuniu cos veciños lóxicamente

porque defende os intereses dos veciños de Parga; non é así o que fixo a Alcaldesa, que mais ben parece que avaliaba o proxecto, e unha vez que se reuniu cos veciños e alí lle trasladaron as súas queixas e a súa negativa, tivo que cambiar o rumbo. Pero nos catro anos que gobernou José María Teixido non se presentou ningún proxecto para cambiar, porque defendía os intereses dos veciños e non deixaría que se fixese iso.

Plantexa outra alternativa o BNG, non sei se será mellor ou a máis acaída, pero dende logo é mellor cá que se plantexa neste momento por parte de ADIF que é suprimir eses pasos; con esa alternativa que vai dividir o pobo e, tal e como está plantexado, si que vai influir na estrutura que ten o propio campo da feira.

En canto ó razonamento que fai vostede para non plantexar a circunvalación ou sacar a vía do pobo, eu entendo que puidera ser un tema económico, ata aí podería chegar, pero esas mesmas queixas ou problemática que vostede plantexa, que deixaría a vila illada, porque non lla plantexa ó seu compañeiro de Corporación de Láncara onde se fixo un cambio?, porque non llo plantexou no seu momento?, o razonamento sería o mesmo.

Nin vostede nin eu somos técnicos, pero débémonos á xente que nos vota, para iso somos os seus representantes políticos, para trasladar nas Institucións ou onde sexa necesario a vontade dos veciños, e neste caso a vontade dos veciños de Parga é moi clara, non queren un proxecto que divida o pobo e que elimine eses pasos dese xeito; calquera outra alternativa pode ser valorada pero lóxicamente o que ten que defender neste caso unha Alcaldesa como é a de Guitiriz é a vontade dos veciños, reunirse con eles, ver as súas demandas, e despois trasladar iso.

Vostedes teñen o Goberno en Madrid, teñen un interlocutor válido para plantexarlle a ADIF un proxecto que non divida ós veciños nin ó pobo, utilíceno vostedes, trasládello á Alcaldesa para que se poña á fronte e trate de consensuar con eles e buscar unha alternativa que sexa válida para os veciños, aí terán ó Partido Popular e ó voceiro do Partido Popular no concello de Guitiriz, sempre que sexa para defender os intereses dos veciños aí nos terán como nos teñen agora aquí apoiando unha moción que eu creo que é acaída e que ven defender os intereses dos veciños de Parga”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Que quede claro que eu non veño aquí defender nada que se comente nos bares; eu veño aquí defender unha postura dos veciños e veciñas de Parga que supoño que falarán disto nos bares e onde non son bares. En todo caso paréceme que o debate é un pouco máis serio do que se intenta trasladar dicindo que é algo que se ven comentar nos bares.

Hai unha cousa de fondo que me preocupa; é certo que hai unha obriga de suprimir os pasos a nivel, é certo que é necesario facelo por un tema de seguridade, pero o que me preocupa é que a forma de facelo se tome neste caso en Madrid, sen ter en conta para nada o que é unha vila rural de Lugo sen falar coa xente ata que xa está feito o propio proxecto, e que se faga igual que se faría alá por Andalucía; paréceme moi grave que ese tipo de cuestións tan importantes para nós se tomen dende Madrid sen ter en conta os intereses da xente do rural de Lugo.

Iso é o realmente preocupante, neste caso aféctalle á liña de ferrocarril en Parga, pero noutras cousas afecta a outras cuestións que teñen unha influencia moi grande nos nosos setores produtivos, e que non se teñen en conta para nada os intereses ou a forma de vivir que temos no rural de Lugo á hora de tomar as decisións.

Imos quedar co positivo da cuestión, imos quedar con que todas e todos os aquí presentes estamos de acordo en que a solución non é a plantexada por ADIF; e solicitarlle a ADIF que cambie o proxecto e que atenda as demandas da propia veciñanza, e se custa máis custouno, pero que resolva o problema sen facer estes valados que dividan á vila en dúas vilas completamente distintas e illadas unha da outra”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á EXECUCIÓN DO PROXECTO DE ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-2901 DENDE O P.K. 3,3 ATA O 5,4 (CIRCUNVALACIÓN DE O BURGO).

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa á execución do proxecto de ensanche e mellora da LU-P-2901 dende o p.k. 3,3 ata o 5,4 (circunvalación de O Burto), que se basea nesta

Exposición de Motivos:

A estrada de titularidade provincial LU-P-2901, que vai dende a LU-232 a Palas de Rei e que transcorre polo O Burgo e Vilamaior de Negral, conta cun proxecto elaborado pola Deputación Provincial de Lugo consistente en ensanchar e mellorar a variante de O Burgo, concretamente afecta aos P.K. 3,3 ata o 5,4.

Este proxecto iniciouse en abril de 2006 en base aos acordos de aprobación do Plan de Obras e Servizos e Plan Provincial de Estradas do ano 2005, nos que figuraba esta obra, acadando a súa aprobación definitiva no ano 2013.

Hai que ter presente que esta obra é moi necesaria, porque sacaría o tráfico rodado da travesía de O Burgo onde coinciden o Camiño Primitivo e a estrada provincial, polo que transitan tanto os peregrinos como o tráfico rodado, maquinaria agrícola, e incluso gando, o cal xera múltiples situacións de inseguridade viaria o que supón un perigo para os usuarios desta vía.

Por outra banda, no pleno ordinario do Concello de Lugo de 28 de xaneiro de 2016, aprobouse unha proposición por unanimidade na que se instaba á Deputación Provincial de Lugo a que execute o proxecto para a estrada de circunvalación de O Burgo.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa á execución do proxecto de ensanche e mellora da estrada LU-P-2901 dende o p.k. 3,3 ata o 5,4 (circunvalación de O Burgo), e propónse a aprobación do seguinte acordo:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

Que a Deputación Provincial de Lugo inicie, de forma urxente, todas as accións necesarias para poñer en marcha o proxecto de ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-2901 dende o P.K. 3,3 ata o 5,4”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. María Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Antes de nada sumarme á benvinda e ás felicitacións á nova Secretaria desta Deputación, e desexar tamén boas festas a tódolos compañeiros e compañeiras da Corporación, así como traballadores desta Casa, e a tódalas veciñas e veciños dos distintos concellos desta provincia.

Dende o Grupo Provincial do Partido Popular traemos a este Pleno unha vella demanda dos veciños das parroquias da zona do río Mera en Lugo, así como de diferentes parroquias dos concellos de Guntín e de Friol que conflúen nesta zona.

Esta petición que hoxe presentamos aquí, na que pedimos que se inicien de forma urxente todas aquelas accións necesarias para poñer en marcha o proxecto de ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-2901 dende o p.k. 3,3 ata o 5,4, unha vía que vai dende a estrada LU-232 a Palas de Rei e que transcorre por O Burgo en San Xoán do Alto e Vilamaior de Negral, xa foi debatida no pleno de xaneiro do ano 2016 no concello de Lugo, e no que se instaba á Deputación de Lugo a esta actuación, sendo esta iniciativa aprobada por unanimidade dos Grupos municipais, o problema é que quedou no esquecemento pois xa transcorreron case tres anos dende a súa aprobación e a día

de hoxe aínda nada se sabe deste proxecto que consideramos que é necesario para resolver o problema no que se atopa esta estrada.

Se facemos un pouco de memoria cabe sinalar que a Deputación Provincial, como titular desta vía, comezou a elaboración deste proxecto no ano 2006, concretamente no mes de abril, en base ós acordos do Plan de Obras e Servizos e o Plan Provincial de Estradas do ano 2005, nos que se recollía esta obra.

Este proxecto contemplaba unha nova estrada de 2,1 quilómetros, que ten por finalidade bordear o núcleo de O Burgo pola zona norte para sacar o tráfico rodado do núcleo desta poboación, carretera que ten un trazado sinuoso e estreito, e que se atopa habitualmente nun estado lamentable, con abundantes baches na calzada que dificultan a circulación de vehículos ou mesmo pode supoñer un risco para a seguridade viaria, ó que se engade tamén un consecuente perigo ante as contínuas inundacións que ten este tramo por mor dunha fonte sen canalizar.

Hai que ter en conta que por este tramo de estrada está tamén a pasar o Camiño Primitivo, polo que a inseguridade é alta ao coincidir peregrinos cos vehículos nun tramo que, como dixen, é bastante estreito no paso entre as casas; ten un firme en mal estado e constitúe polo tanto un perigo para a integridade tanto dos peregrinos como para o resto de usuarios desta estrada.

Pero este proxecto que foi iniciado no ano 2006 non se aprobou de xeito definitivo ata o ano 2013; e aquí temos que lembrar novamente que a entidade titular desta estrada é a Deputación Provincial, e polo tanto consideramos que é a responsable da súa conservación e do seu mantemento, cousa que parece que se está a obviar dende este goberno á vista desta tardanza, xa que levamos dez anos esperando a que se desenvolva este proxecto.

Polo tanto dende o Grupo Provincial do Partido Popular, así como tamén dende o Grupo Municipal ó que tamén pertenzo, consideramos que é un proxecto importante e necesario, e xa está tardando; que saibamos non existe impedimento para poder desenvolvelo, e polo tanto non existiría motivo para retrasalo máis, por iso urximos a que se desenvolvan as accións necesarias para elo.

Estou segura de que o resto dos compañeiros dos distintos Grupos coincidirán nesta idea, e polo tanto confiamos en obter o apoio a esta iniciativa”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sumarme a esa felicitación navideña que tódolos intervinentes fixeron con anterioridade, e tamén felicitar á nova Secretaria por ser a primeira muller que accede a este cargo na Deputación.

Como ben dixo a voceira do Grupo Popular isto ven dende o ano 2006, houbo distintos tiras e afrouxas, en primeiro lugar polo tema do Camiño Primitivo e da Capela de San Bartolomeu; despois, ó cambiar de trazado no ano 2009, porque afectaba a unha explotación gandeira e ás fincas doutro particular; unha vez que isto se resolveu en base a unhas sentenzas xudiciais, no ano 2012 plantexouse un novo proxecto que viña resumir o que era a alternativa número dous sumándolle unhas pequenas modificacións, e a partires de aí quedou ese proxecto.

Nós lóxicamente como responsables desa vía, tendo coñecemento por suposto e sendo conscientes do estado no que se encontra, o que pretendemos é que esa vía sexa dotada no prazo máis breve posible desa cincunvalación. Non obstante dicir que eses 2,1 quilómetros agora mesmo é un proxecto que hai que volver revisar, mirar que técnicamente así se poda desenvolver, e despois dotalo da partida orzamentaria correspondente para poder acometer esa infraestrutura.

Recordar que no ano 2006 isto era dun Plan POS no que o Goberno Central aportaba o 50% desa financiación, iso naquel momento perdeuse e agora será precisamente a Deputación quen teña que afrontar economicamente esta infraestrutura, que esperemos que se o proxecto está de acordo á normativa vixente e se ten tódolos trámites sectoriais correspondentes se poda acometer nun breve prazo de tempo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para adherirme á proposta e votar favorablemente”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para anunciar o noso voto favorable”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. María Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Vendo a intención do Goberno simplemente confiar en que, xa que son conscientes do mal estado no que está e na necesidade de dotalo de partida, que o fagan o antes posible. Nós pediamolo con urxencia tendo en conta que o 2021 é o Ano Xacobeo e, como dixeran, por aí transcorre un tramo do Camiño Primitivo, a afluencia de peregrinos vai subir, e tamén mostrar en Lugo un tramo en condicións e melloralo de cara a esa data; por iso urxiamos esa dotación orzamentaria ou facer eses trámites.

Agradecer polo tanto a comprensión do Goberno, e esperar que non caia en saco roto e que saia adiante”.

Intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dicir que precisamente nese punto do Camiño Primitivo, que xa leva xerado tamén bastantes controversias, o lóxico é que precisamente nesa revisión que se faga do proxecto xa quede recollido todo o que afecta ó Camiño Primitivo de maneira que se poda facer algo que sexa de futuro, e precisamente a problemática que teñen moitas veces as carreteras e o Camiño Primitivo se solventa dunha vez de xeito que nos podamos felicitar todos porque as obras que facemos sexan as máis idóneas de cara ó funcionamento desa gran infraestrutura que é o Camiño Primitivo a Santiago que tanta xente trae á nosa Comunidade”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, RELATIVA AO RETRASO NA LICITACIÓN E INICIO DAS OBRAS DA RESIDENCIA DE MAIORES DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ao retraso na licitaicón e inicio das obras da Residencia de maiores do concello de Folgoso do Courel, que se basea nesta

Exposición de Motivos

O pasado mes de agosto o presidente da Deputación Provincial de Lugo e a alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel asinaron un convenio para dotar dunha residencia da terceira idade e un centro de día ao Concello con capacidade para 52 usuarios. Ditas instalacións serán emprazadas nun edificio que será construído no espazo ocupado polo antigo colexio de Folgoso, que previamente ten que ser demolido.

Desde o Grupo Provincial Popular denunciámos o retraso nestas obras, despois de que en agosto deste ano o presidente da Deputación Provincial de Lugo avanzase ante numerosos veciños e veciñas na visita ao Courel que a licitación se faría en setembro e as obras darían comezo no último trimestre do ano. Sen embargo, desde aquel día non houbo avance algún na actuación, de maneira que a demolición segue sen levarse a cabo acumulando xa un retraso notable con respecto á data anunciada polo máximo responsable do Goberno provincial.

Por último, é preciso destacar que esta intervención supón saldar unha débeda histórica co Concello de Folgoso do Courel e, polo tanto, urximos á Deputación Provincial de Lugo a que mova ficha e licite canto antes as obras de construción do novo centro, posto que o Concello xa tiña realizado no mes de agosto, cando se asinou o convenio, os trámites que lle correspondían.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción relativa ao retraso na licitación e inicio das obras da Residencia de maiores do concello de Folgo do Courel, e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que a Deputación Provincial de Lugo licite canto antes as obras que permitan o inicio da construción da residencia da terceira idade e centro de día no Concello de Folgoso do Courel.

2º.- Trasladar o presente acordo ao Concello de Folgoso do Courel”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Bo Nadal a todos.

Esta segunda moción do Grupo Popular entendemos que é unha moción que o Goberno ten que tomar en serio, na que pedimos que se inicien o máis axiña posible os trámites para a contratación da Residencia do Courel, unha residencia que entendo non estaba nos plans do goberno poder levala adiante.

Cando vostedes no ano 2010 deseñan o plan de residencias da provincia non contan co Courel, non sei se porque era un concello da alta montaña ou porque o gobernaba o Partido Popular, pero o que é certo é que cando Elena Candia chega no ano 2015 á Presidencia desta Institución o que fai é iniciar conversas coa Alcaldesa de Folgoso, e iniciase o proxecto para a súa execución.

Xa no ano 2016 o Partido Popular negocia co goberno desta Institución para que se inclúa unha partida para a construción da residencia, e a partires de aí que bota a andar esa residencia co impulso do Partido Popular eu creo que hai dúas datas sinaladas importantes; unha é esa Xunta de Goberno do 23 de marzo, onde se aproba iniciar e darlle para adiante a ese convenio; e o día un de agosto que se asina ese convenio de colaboración interadministrativa entre a Deputación e o Concello para a construción da residencia de Folgoso do Courel.

Recordo que era ese día do un de agosto onde o Presidente se desprazou a Folgoso do Courel e alí, diante dun numeroso grupo de veciños, estaba a Alcaldesa e o equipo de goberno, estaba boa parte da Corporación, e moitos veciños, o Presidente dun xeito taxativo, ante as preguntas de distintos veciños que se encontraban alí, se comprometía de que estaba totalmente avanzado o proxecto, que estaba todo pechado e que no mes de setembro se procedería á súa contratación.

O colexio sobre o que se vai construír esta residencia aínda está sen demoler, non hai nada avanzado dende o día un de agosto, e a nós parécenos que esta Institución ten unha débeda importante co concello de Folgoso do Courel, e polo tanto alí nós, aínda que a súa delegada de servizos sociais non o acompañou nese acto, si que quixemos respaldalo, e ademáis estivo respaldado por dous Deputados deste Grupo Provincial, e comprometeuse vostede alí taxativamente a que en setembro comezarían as obras, imos con moito retraso e non se sabe en que momento está iso. Polo tanto creo que pouco máis queda dicir nesta moción; o que lle pido é que eses compromisos que están avaliados e aprobados, e nos que vostede se comprometeu pública e notoriamente, se cumpran.

Pero ademáis non é que llo diga eu, teño aquí un planfeto que publican os socialistas de Folgoso do Courel onde din que o seu compromiso é firme e que en setembro comezarían as obras. Polo tanto creo que temos que cinguirnos ó que se aproba, temos que cinguirnos ás necesidades que ten esta Deputación, e porque esteamos a falar dun concello que non está gobenado polo Partido Socialista si que hai ese compromiso fehaciente da construción, ten a súa palabra empeñada alí, e por tanto eu o que lle pido ó Grupo de goberno é que tome as medidas necesarias para poder facer a

contratación disto; e que ademáis se lle comunique ó Concello de Folgoso, porque é un concello áxil que dende o primeiro momento toda aquela documentación, todos aqueles permisos que tivo que poñer á disposición da Institución, o fixo nun tempo récord, e agora mesmo o único que falta é ese empurre da Deputación.

Eu xa sei que a vostedes lles gustan estes pasquíns, e o outro día un veciño de Monforte dicía que o presuposto da Deputación de Lugo era de 512 millóns de euros, porque di: “os socialistas achegan máis de 2,2 millóns de euros para os veciños de Folgoso do Courel”, como ó longo deste ano todos vimos que vostede visitou os distintos concellos da provincia e nuns promete catro millóns de euros, noutros seis, noutros oito, este veciño o que fixo foi recoller os seus anuncios, sumalos, e polo tanto parece que o presuposto é de cincocentos millóns en lugar de oitenta e sete.

Por tanto eu o que lle pido é que se deixen de anuncios, que respecte a palabra dada, alí vostede estivo arroupado, e que cumpra cos compromisos e que no menor prazo posible, e xa que non chegou con Papá Noel e ver se é posible que chegue con Reis, e que Folgoso do Courel non quede nese esquecemento que soen deixar vostedes aquelas cousas que non lle parece que teñen interese”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Para adherirme e votar favorablemente á proposta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dicir que dende o BNG imos votar a favor pero con algún matiz, non para a residencia do Courel senón á forma ou o momento de traer esta moción, porque nos choca que nas propias conversas con ocasión dos orzamentos que antes a voceira do Grupo Popular recoñeceu que tiveron co PSOE se incluía a construción da residencia de Cervantes, e de Pantón, e non se incluía ó

mesmo tempo esta residencia, cando menos é un pouco estraño porque podíamos aforrar este debate e esta moción se xa se incluíra naquel momento; ó mellor é que noutros sitios tiñan máis problemas políticos e había que asegurar que as residencias se iniciaran ou cando menos se aprobaran, e aquí, como non deixa de ser unha moción de cumprimento, aínda que xa sabemos como se cumpren as mocións nesta Institución, ó mellor é o mesmo.

Por outra banda, a primeira vez que se falou da residencia do Courel a mín veume un flash, porque escenificaba moi ben o que está a ser a política con respecto á provincia de Lugo, concretamente o que é o proxecto de construción desta residencia, que é o de tirar escolas para no seu lugar facer residencias de maiores; por desgraza iso está a escenificar perfectamente cara a onde camiña a provincia de Lugo, e aquí vémosto perfectamente reflectido, vaise facer unha residencia de maiores onde antes había unha escola ata non hai moitos anos chea de nenos e nenas”.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Efectivamente a moción é tan sinxela que case é un Rogo, un Rogo que lles aceptamos sobre todo porque non temos outra intención que licitar e rematar canto antes a residencia do Courel, como as demais residencias nas que o Presidente ten comprometida a palabra, e vai cumprir con ese compromiso.

Dito isto, e xa que supoño que o motivo da moción era debater sobre o asunto, voulle facer un par de comentarios á parte expositiva, porque xa que dona Elena falaba de xustiza, aínda que vindo dela dubido moito que crea nese concepto por moitas das afirmacións que temos que escoitar aquí cada día, si que quería comentar que nesa afirmación que fai de que non houbo avance ningún na actuación, están poñendo en dúbida o traballo de gabinete que esa actuación leva consigo.

Estase traballando nese proxecto, hai un equipo de técnicos arquitectos que traballan nese proxecto, e precisamente facendo ademáis alusión tamén ó que dicía o Sr. Ferreiro de derruir escolas, unha das cousas que retrasou a redacción final do proxecto foi valorar a conveniencia de

derruir ese edificio ou a posibilidade de reutilizala. Nese sentido dicirlle ademáis que por parte do Servizo de arquitectura nos informan que o proxecto básico está rematado agora para a primeira semana de xaneiro para presentar á Xunta e que dea o informe de viabilidade, así como presentalo no concello para a licenza urbanística. E o proxecto de execución está en estado moi avanzado e cóntase con rematar a primeiro do mes de febreiro.

Outra das cousas que din na exposición de motivos é o retraso notable, e eu aquí quixera dicir que se o noso retraso de tres meses é notable podemos darlle á Xunta de Galicia unha matrícula de honra cum laude en moitos outros proxectos nos que tamén comprometen a palabra sen ningún tipo de apuro nin de problema en non cumprila despois. O proxecto da residencia de Folgoso do Courel, como a de tódalas demáis, vai chegar ó seu fin, mal que lles pese”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“A moción é ben simple, pide unha demanda que está aprobada e presupostada, isto non é un problema de presupostos senón que é un problema de xestión; e resulta que vostede, como deputada da área, parece ser que ese día tiña outros quefaceres e non quixo ir respaldar ó seu Presidente, pero o seu Presidente estivo alí, reuniuse coa Corporación, cos seus concelleiros e concelleiras, e el, a preguntas dos veciños e ante os medios, dixo que a principios de setembro estaría esa residencia empezada.

Non son tres meses señora Sonsoles, son cinco, e o que non podemos é estar descargando continuamente nos equipos técnicos. Aquilo é un colexio que hai moitos anos que non ten uso, e aquí sempre houbo un principio que é o de respecto á autonomía local, o concello por unanimidade acorda que ese sexa o emprazamento, e polo tanto a vostede que tanto lle gusta respectar a autonomía local e a mín tamén, creo que non entraremos en debate de se debe ser alí ou non.

O Presidente chegou alí cun proxecto, co seu equipo técnico, presentou un proxecto dicindo como ía quedar, que estaba todo avanzado, e vostede entenderá que teñamos que ter dúbidas; eu son dun concello, que é O Saviñao, que no ano 2010 estaba entre eses afortunados que

ían ter esas doce primeiras residencias, pasado mañá 2019, foron como catro veces colocar a primeira pedra, esa primeira pedra xa a roubaron, pero seguimos sen primeira pedra, nin segunda, nin terceira, sen proxecto, e sen nada.

Polo tanto eu o que lle pido é que acelere, o que non se pode dicir é que o servizo de arquitectura ten problemas, vostede tiña nos orzamentos do 2018 seiscentos mil euros e no do 2019 outros seiscentos mil euros, e 1.200.000 euros para a construción dunha residencia, cunha ubicación, cos permisos concedidos, e o que teñen que facer é xestión, que é o que a vostedes lle queda grande.

Aquí vimos pedir que executen o que está aprobado e financiado, porque é un proxecto moi importante, son cincuenta e dúas prazas para un concello da alta montaña que ten os problemas que temos a Galicia rural, pero máis agravados se acaso, e polo tanto o que teñen que facer é cumprir, porque lle quedan cinco meses ata que haxa unhas eleccións; foi un goberno do Partido Popular quen iniciou esta financiación e moito me temo que ó ritmo que van vai ter que ser outro goberno do Partido Popular o que empece a construción da residencia.

Nós o que lle pedimos é que pensen nos veciños de Courel, que pensen nos seus representantes que publican un pasquín onde din *“el Presidente compromete, y nosotros aseguramos que en septiembre se empezará la residencia”*. Eu o que lle digo é que dentro de tres ou catro meses voltaremos traer isto aquí e por desgraza ó mellor non está moito máis avanzado”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Sonsoles López Izquierdo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sen acritude e con todo o afecto do que son posible, eu non dixen que o Servizo de arquitectura tivese problemas, este Servizo está facendo o seu traballo, e sorpréndeme que vindo dun Grupo que ten tanta sensibilidade para os funcionarios da Deputación poña en dúbida que o Servizo de arquitectura está facendo o seu traballo para facelo ben e ben valorado. E o lugar está aclarado que vai ser ese, pero evidentemente teremos que valorar a pertinencia ou non de derrubar

o edificio existente para optimizar a inversión; pero non hai ningún problema, os procesos están en marcha.

E aludindo outra vez ó termo “xustiza” a que a Sra. Candia facía alusión nunha das súas intervencións, supoño entón que o retraso en tres anos por parte da Xunta de Galicia en conceder os PIAs doutras residencias desta Entidade tamén é unha cuestión de xestión como pretende acusarnos a nós, teremos que entendelo así porque tamén precisamente a Sra. Elena Candia cando foi Presidenta da Deputación pediu no ano 2015 un PIA para a residencia de Castroverde, e non foi ata o ano 2018 que a Xunta de Galicia o concedeu, pero non a ela nin á Deputación, concedeu a Suplusa, iso ó mellor tamén é unha cuestión de xestión que algún día se poderá aclarar.

Non lle poño en dúbida nada do que está dicindo no sentido estrito da moción, queremos e imos rematar a residencia de Folgoso do Courel o antes posible, e de feito estoulle dando datas moi próximas, estoulle a falar da primeira semana de xaneiro para o proxecto básico, e de principios do mes de febreiro por parte do Servizo de arquitectura para ter o proxecto de execución. Nós estamos a traballar, eu espero que vostedes teñan tamén o mesmo celo e o mesmo entusiasmo para pedirlle á Xunta que, cando eles teñan que cumprir con esa parte do procedemento administrativo, tamén teñan a celeridade, e espero que non lle pida máis dos tres meses, porque o Presidente estaría alí en agosto pero o compromiso era setembro, estamos falando de tres meses que terían que estar empezadas as obras.

Por tanto aceptamos a moción porque esa é a nosa intención”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Sen acritude señora Sonsoles, o seu non é a xestión, o seu é que pase o tempo.

Vostede quere falar dos PIAs, ten vostede tres residencias que contan co PIA e vainas retrasar. Ten unha compañeira ó lado que ten unha residencia terminada, con PIA, como tamén Castroverde e outras, pero o seu problema é a xestión, e logo di que os problemas son da Xunta.

Eu o que lle digo é que Folgoso ten unha necesidade e ten uns recursos aprobados, agora o que lles queda a vostedes é xestionar, e o que lle teñen que dicir vostedes ós veciños de Folgoso do Courel é que esa residencia a van dilatar, como veñen facendo con todo, nove ou dez anos, ou se van poñer a ela. Por tanto o que lle pedimos é que ese compromiso é firme con Folgoso, é firme con esa residencia, o seu Presidente foi ese día alí; e os servizos de arquitectura fan o que se lle manda, e se vostedes os teñen traballando non sei en que cousas non poderán avanzar aí.

Por tanto céntrense no que se teñen que centrar, e díganlle ós veciños de Folgoso se van deixar vostedes a palabra do Presidente empeñada, como os deixaron aquel día sós, ou se vai haber residencia nun prazo razoable”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

9.- MOCIÓN DO SR. DEPUTADO NON ADSCRITO, PARA A SUPRESIÓN DAS ENTREVISTAS DAS CONVOCATORIAS DE EMPREGO DESTA INSTITUCIÓN.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto no artigo 130 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción:

Parte Expositiva:

La Constitución, en su Artículo 23.2, establece el derecho básico de igualdad a las funciones públicas. Este acceso está conectado con el Artículo 103.3, que establece también los de mérito y capacidad.

Este Artículo 103.3 establece que corresponde al Gobierno regular el estatuto de los funcionarios públicos, así como el artículo 149.18, que reserva competencia exclusiva al Estado para regular las bases.

Sentencias diversas del Tribunal Supremo dictadas en interés de Ley, en la que se declara que las pruebas selectivas de conocimiento a cargo de aspirantes mediante temario son más ajustadas a los criterios constitucionales que la selección de funcionarios mediante test psicotécnicos, **entrevistas**, realización de memorias o similares.

Así, al analizar la legalidad de diversas ofertas de empleo público que situaba en criterio de paridad las pruebas de conocimientos con los test psicotécnicos y **entrevistas**, el Tribunal Supremo asume la tesis de que **el criterio orientador dominante para el acceso al empleo público, y que debe presidir con carácter prevalente de valoración de los procesos selectivos**, es que las pruebas, programas y técnicas han de dirigirse de modo principal y obligado al control y comprobación de los conocimientos que posea el aspirante, contemplándose de modo secundario y potestativo los otros tipos de pruebas citados.

Sin embargo, no es extraño que la Administración, bien por capricho de arteros gobernantes, bien por la complacencia de sindicatos, o bien por errada interpretación de los técnicos, alumbre convocatorias cuyos **términos incluyan tales entrevistas o psicotécnicos como factor que mas que “completar”, lleve a “DETERMINAR” el aspirante seleccionado**. Y si unimos una convocatoria ilegal a la ausencia de impugnaciones y la firmeza de los actos consentidos, pues el “coladero” por la puerta falsa de la “entrevista” está servido. Si además los la Administración optan por fijar el umbral del aprobado de las pruebas de conocimiento de forma

muy relajada o suavizada (esto es, un ejercicio facilísimo) se habrá conseguido de forma sutil que todo el peso del procedimiento selectivo quede en manos de la entrevista o del test.

Y es que, si bien es cierto que el mero conocimiento de un temario no es garantía de plena idoneidad burocrática (igual que un Premio Extraordinario de la Facultad de Medicina puede resultar un pésimo cirujano) **lo que resulta meridiano es que una entrevista incluye un alto y arriesgado factor de subjetividad**, y que una prueba psicotécnica solo sirve para mostrar tendencias o perfiles de personalidad y aptitud pero no garantiza el funcionario cortés, respetuoso, formado, eficaz y leal al servicio público.

Como la entrevista personal siempre se ha visto como un elemento totalmente subjetivo para seleccionar funcionarios y cuya importancia depende del criterio de cada tribunal

Por todo lo anterior, propongo al Pleno de la Diputación la adopción del siguiente acuerdo:

Que en las convocatorias de empleo público de esta Institución se eliminen las mismas las ENTREVISTAS”.

Intervén el Sr. Deputado no adscrito D. Manuel Martínez Núñez, en el siguiente sentido:

“Despois de escoitar á señora Sonsoles quixera facer un inciso, porque unha das técnicas e das prácticas do social arribismo que goberna en minoría nesta Institución é esconderse sempre detrás dos funcionarios; vímolos xa en numerosas propostas e mocións que cando non cumpren, e como di o Sr. Ferreiro non cumpren nunca, bótaselles a culpa ós funcionarios, eu dende aquí, e coa parte que lle toca ós funcionarios de Arquitectura que tamén traballan, e non sei xa a situación en que se atopan porque hai tantos recursos presentados que se cadra nin son funcionarios desta Institución, e que o persoal do Servizo de Arquitectura é unha persoa basicamente, non sei se puxeron algún máis neses procesos selectivos que están facendo tódolos días; pero a realidade é que esconderse detrás dos funcionarios é bastante triste, pero é a técnica que teñen vostedes.

En canto a esta moción, básicamente o que ven buscando, despois de numerosas queixas de persoas e cidadáns que se presentaron ós procesos, incluso nos que aprobaron e participaron, é que se eliminen as entrevistas dos procesos selectivos.

Di o Tribunal Supremo dende hai tempo que “... las que se declara que las pruebas selectivas de conocimiento a cargo de aspirantes mediante temario son más ajustadas a los criterios constitucionales que la selección de funcionarios mediante tests psicotécnicos, entrevistas, realización de memorias o similares”, e o que se busca aquí é que haxa criterios obxectivos e que nesta Institución, coma doutra calquera, se realice baixo os principios de igualdade, capacidade é mérito que recolle a Constitución no artigo 23.2 e no 103.3.

Ó analizar a legalidade das diversas ofertas de emprego público que situaban en criterio de paridade ás probas de coñecemento cos tests psicotécnicos e entrevistas, o Tribunal Supremo asume a tese de que o criterio orientador dominante para o acceso ó emprego público e que debe presidir con carácter prevalente a valoración dos procesos selectivos é que as probas, programas, e técnicas, han de dirixirse de modo principal e obrigado ó control e comprobación dos coñecementos que posúa o aspirante, contemplándose de xeito secundario e potestativo os outros tipos de probas citados.

E é ben certo que o mero coñecemento dun temario non é garantía plena de idoneidade burocrática, igual ca un premio extraordinario de medicina non acredita que esa persoa vaia ser un bo cirurxán, ou que un premio extraordinario na escola de hostalaría permita traballar no Bulli; o que resulta meridiano é que unha entrevista inclúe un alto e arriscado factor de subxectividade, e que a proba psicotécnica só serve para mostrar tendencias, perfis de personalidade, ou actitude, pero non garante o funcionario cortés, respectuoso, formado, eficaz, ó servizo público.

Por elo é polo que vou pedir que se eliminen as entrevistas, e pedir o apoio desta Corporación. Son numerosas as persoas que se dirixiron a mín, arredor dunha vintena, con cartas que despois citarei, e onde vemos o baile que hai; eu invítoos ademáis a que estuden os procesos selectivos realizados durante este ano sen ir máis atrás, e miren o baile que hai nos postos de traballo, unha vez realizadas as probas de coñecemento respecto ó temario, pasen ó resultado da

entrevista e verán como bailan, o seis pasa ó dous, o dous pasa ó oito, o catro pasa ó nove, o nove pasa ó un, etc.; ou sexa que esa subxectividade decide básicamente cal é a listaxe que termina saíndo dos citados e famosos procesos selectivos desta Institución”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dende o BNG non podemos facer outra cousa máis que apoiar a moción dado que un dos puntos de acordo dunha moción que presentamos en febreiro de 2017 se solicitaba inicialmente que se suprimiran as entrevistas, ou no caso de que houbera unha entrevista ou algunha proba que non tivera ningún soporte escrito que se procedera a súa gravación para, se fora o caso, unha posterior reclamación ou o que fora necesario.

E hai que lembrar que naquel momento pedíusenos por parte do Goberno que deixáramos a moción enriba da mesa co compromiso, falo de febreiro, de que antes dese verán do ano 2017 se presentaría unha proposta de reforma do sistema de acceso e de exames na Deputación. Estamos en decembro de 2018, ano e medio despois de que acabara o prazo para facelo e aínda non sabemos nada do asunto, cuestión que nos tiñamos xa plantexado de volver repetir esa moción nun dos próximos plenos, que seguramente faremos de tódolos xeitos porque era un pouco máis ampla ca o que aquí se propón. En todo caso votaremos a favor.

E tamén outra cuestión; dicíamos daquela que era necesario actualizar o sistema de selección xa non só polas inxedanzas ou protestas que había dos que participan nas probas selectivas que, igual que di o Sr. Martínez, tamén a nós se dirixe bastante xente nesa liña, senón incluso para intentar mudar a percepción social que hai sobre esas probas fóra da Deputación, cousa que nos parece fundamental; ás veces xa non é só porque poida ou non haber cuestións raras senón que a percepción que existe fóra da Deputación é que si que as hai; iso hai que mudalo, e o xeito de facelo é intentar ser o máis garantistas posible, está claro que non hai ningún modelo xusto ó 100%, pero intentar que o conxunto da sociedade perciba que se está intentando cambiar esa dinámica e que as probas de selección sexan o máis obxectivas posible.

E xa que quen propón é o actual presidente de Suplusa, pedir tamén que se faga o mesmo en Suplusa, porque polo que eu entendo ata hai pouco tempo tamén se acostumaba a facer nos entes anexos á Deputación, de feito na nosa moción incluíase tamén non só na Deputación senón todos aqueles entes autónomos que dependían dunha forma ou doutra da propia Deputación, imaxino que así o fará incluso por coherencia.”

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar tamén desexarlle a todos felices festas.

Vou ler unha parte da miña intervención porque non quero equivocarme ó trasladar as notas que teño feitas.

Para asegurar a obxectividade e racionalidade dos procesos selectivos as probas poderán complementarase coa superación de cursos, períodos de prácticas, exposición curricular polos candidatos, con probas psicotécnicas e coa realización de entrevistas; isto dio o Estatuto Básico do Empregado Público.

A entrevista é un medio complementario e non decisivo para un procedemento selectivo; a entrevista non pode ser unha proba independente senón que ten que ser encardinada dentro dun concurso; a súa función principal é o coñecemento real dos méritos alegados en relación coa función do seu posto, profundizar no curriculum profesional do aspirante, e para comprobar o real coñecemento do alegado no seu curriculum.

A entrevista na Deputación está estruturada, ten preguntas iguais para todos, realízase por un tribunal de cinco funcionarios, en cada caso expertos no obxecto da contratación, que actúan de forma profesional e independente.

A moción di algunhas cousas que non son exactamente certas; a selección de funcionarios de carreira, persoal laboral fixo incluído nas ofertas de emprego, presenta dous supostos: a

convocatoria que se deriva da oferta de emprego público, neste caso a Deputación de Lugo non ten entrevistas, é unha proba de acceso sen entrevistas.

O segundo erro é dicir que a entrevista se realiza en paridade co resto de probas, iso é totalmente incerto; a entrevista inclúese nos procesos de selección para persoal temporal en fase de concurso, representando na puntuación un total de cinco puntos sobre un máximo de sesenta, xa me dirán en que fase incide á hora de puntuar.

Cinco puntos dun total de sesenta, e isto ten que quedar claro, porque son demasiadas veces as que se fala xa deste tema. En fases de oposición, corenta puntos, vinte nunha proba teórica na que hai un test, hai un tema a sorteo, o funcionario mete a man nun saqueto, quita un tema, automaticamente ten que desenvolver ese tema, e cada participante fará o mesmo. Tamén ten unha proba práctica que ten vinte puntos.

Na fase de concurso efectivamente hai un baremo de méritos, tamén son vinte puntos, pero por experiencia seis puntos; por formación, títulos e demais, oito puntos; por outros procesos selectivos que teña superado, un punto; entrevista curricular, cinco puntos. É dicir, dun total de sesenta, cinco non é significativo. Eu creo que a Deputación está cumprindo con ampla marxe a situación de fases nos diferentes concursos de contratación de persoal.

Podía dicir que isto o avalía a Unión Europea, pois para traballar na Unión Europea fai falta pasar unha entrevista de corenta minutos na que teñen que falar sobre a súa traxectoria académica, sobre a motivación que teñen para o posto de traballo, e condiciona as competencias que ten no perfil do posto de traballo.

Aparte diso ten outro aval, segundo datos que me facilitaron, cento corenta e dous postos de traballo en oitenta e dous procesos selectivos todos eles de concellos na provincia de Lugo de tódalas cores políticas, onde se selecciona persoal, a entrevista é un método que se utiliza para iso; por poñer un exemplo, o Concello de O Saviñao, no que a entrevista curricular supón dous puntos de once; hai outros concellos onde supón punto e medio de once; hai outro, e non quero nomealo, onde a entrevista curricular supón sete puntos sobre dez do baremo de méritos. Co cal nós estamos

nun proceso onde o que ten a entrevista é darlle o coñecemento á Administración de a quen está contratando, porque o demais está na fase de oposición con exames, etc.

Por iso é polo que temos que rexeitar esta moción”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Moi brevemente, porque teño entendido que ás catorce trinta ten que comezar o pleno extraordinario. Nós anunciamos o noso voto favorable.

Escoitando toda esta sesión plenaria cando un compañeiro nos dicía que compañeiros nosos ladraban nos bares, outro di que sacamos as bolas dun saqueto, ás veces parece que imos evolucionando dende o punto de vista da democracia e dos dereitos, e cando un escoita estas cousas a verdade é que parece que involuciona; e cando este tipo de iniciativas, porque sen dúbida da transparencia e de actuacións non só sendoo senón parecendoo como dicía o voceiro do BNG, a verdade é que máis que contribuir a evolución parece que imos dando pasos atrás.

Pero que sirva esta iniciativa para dar un paso en firme, xunto co Pleno seguinte, tamén de compromiso cos traballadores, e alo menos de tomar decisións que respecten os dereitos liderando aquelas persoas que os vían afectados, á marxe doutro tipo de valoracións que me permitín facer moi brevemente neste primeiro turno. E para cumprir o tempo renunciemos ó segundo turno, e anunciamos o voto favorable”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“O que eu lle transmito aquí é algo que no meu concello non se fai, e traioo aquí porque lle vou ler algunha das vinte ou trinta cartas que recibín de persoal desta Institución e do que me transmitiron moitos dos opositores que se presentaron, e que parece ser que esa práctica é habitual

aquí. Por certo, Sr. Ferreiro, en Suplusa este presidente non convocou ningún proceso selectivo, e se o hai non vai haber entrevista.

Fala de que as probas de coñecementos teñen corenta puntos, poden ter douscentos señor Sotuela, parece mentira que un Deputado que leva sendo deputado de persoal tantos anos crea que iso é unha garantía, pois non o é, porque vostede sabe que cando remata o proceso selectivo obxectivo os opositores que aproban están nun puñado, a diferenza de puntos pode ser de un, dous, tres ou catro, non hai moita diferenza; mire os procesos selectivos de 2018, en vez desa listaxe que lle deron dos concellos que a mín, e perdoen a expresión, ma refanfinfla, porque cada institución fai o que lle parece, Becerreá non fai o que fai vostede en Ribas do Sil, nin o que fai A Pontenova, nin O Saviñao; e vostedes que son oposición no concello de O Saviñao ó mellor teñen que presentar outra moción igual a esta para que eliminen a entrevista, pero aquí estamos falando da Deputación.

Entonces o que pasa é que quedan todos nun puñado; é máis, nalgunha das cartas, aparte do baile, de que o seis pasa ó dous, o que estaba de un nas probas obxectivas para ó cinco, etc.; hai tamén acotacións que se nalgún momento isto chega ó xulgado tamén se poden adxuntar, o número un que estaba de número cinco, protexida de fulanito, o número dous de tal servizo, o número tres muller de non sei quen, o número catro sobriño de fulanito; iso ven nas acotacións que me mandan.

E é bastante triste que entre a cantidade de cartas, a maioría anónimas, o que eu lamento porque a mín pódennme mandar o teléfono e a dirección porque lles vou contestar a todos, e así non podo facelo, din, e vouna ler textualmente: *“Sr. Diputado Provincial, ante todo disculparme por la forma de contactar con usted mediante carta anónima que no es para nada valiente ni profesional, pero como usted sabe los funcionarios que no compartimos la política de personal nos enfrentamos a represalias de todo tipo por parte del Servicio de Recursos Humanos de esta Diputación Provincial..”*.

Non lle podo dar o nome nin o número de teléfono porque non mo deu, pero tampouco llo daría, iso chámase segredo profesional que se está debatendo tamén estes días nas Illas Baleares;

“.. Por medio de esta carta solo pretendo que sea consciente de que muchos de los funcionarios de verdad profesionales estamos en desacuerdo con la política caciquil y de enchufismos que en estos momentos está alcanzando unos niveles desorbitados, que a muchos de nosotros nos produce vergüenza ajena de ser funcionarios de esta institución; no sólo se nos priva de derechos en igualdad de condiciones o con más méritos, sinó que no nos dejan ningunha posibilidad de progresar en nuestra carrera profesional.

Por este motivo solo le pido que estudie con detenimiento el tema de personal de esta institución, y que en la medida que pueda poner su granito de arena para poder cambiar algo esta situación insólita. Convocan listaxes para interinos para dar entrada a familiares de altos funcionarios, jefes de servicio, de funcionarios afines al Partido, Secretario General, antiguos cargos del Partido Socialista en el Concello, en vez de convocar promociones internas para personal de la Diputación. Nombran en comisiones de servicios y en atribución temporal de funciones a personas enchufadas que después se tienen en cuenta en los concursos, lo mismo con productividades, etc.

Como usted sabe seguramente, se infringen todos los derechos de igualdad, mérito y capacidad que propugna la Constitución y Ley; nombramientos en jefaturas de personal interino, etc., etc.,.

Por todo esto le pido que sus asesores..”, a verdade é que non teño asesores por desgraza, e reiteradamente inténtase deixarme aquí illado e laminado, “..estudien el siguiente tema con el fin de poner una misma objetividad de los procesos selectivos, que además le sentaría como un puñetazo en el hígado al gobierno y sobre todo al Servicio de Recursos Humanos; según el artículo 205.3 de la Ley 2/2015 de 29 de abril del Empleo Público de Galicia, no obstante lo previsto en los apartados anteriores las entidades locales por acuerdo del pleno podrán encomendar a la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia la selección de su persoal, en este caso la Consejería competente en materia de Administración Local aprobará las bases y convocatorias y efectuará los correspondientes procesos selectivos en el marco de lo establecido por la encomienda y por esta Ley”.

Din aquí, e noutras similares, que non se fían de vostedes e que vaian a outra Administración; eu tampouco pido iso, pero alo menos este elemento que é subxectivo o quiten.

“..A lo mejor no es viable pero me parece que merece la pena estudiarlo e intentarlo. Un saludo. Disculpe las molestias”.

E eu o que lle pediría aquí a calquera funcionario que se dirixa a min é que me pode dar o teléfono e a dirección porque me poñerei de forma discreta en contacto con el.

Para rematar, o que di o propio Tribunal Supremo, o que está recollido aí saqueino dunha Sentenza do Tribunal Supremo, non inventei nada señor Sotuela; e di claramente “contemplándose de modo secundario y potestativo los otros tipos de pruebas citados”. Co cal eu pídolle que ese criterio secundario e potestativo o eliminen, non sei se é posible ou non.

Pero non é estraño na Administración que, ben por capricho de arteros gobernantes, ben pola complacencia dos sindicatos, ou ben pola errada interpretación dos técnicos, alume convocatorias cuxos términos inclúan tales entrevistas ou psicotécnicos como factor que “.. mas de completar lleve a determinar”, que é o que lle digo eu ó señor Sotuela, eses cinco puntos determinan quen queda de primeiro, quen queda de segundo, etc., etc., “al aspirante seleccionado”.

Neste momento o Sr. Presidente indícalle ó Sr. Martínez que deberá rematar a súa intervención por rebasar o tempo para a mesma.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“A realidade está aí, e imos proceder á votación que non quero deberlle ningún favor dun segundo Sr. Presidente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Miguel Angel Sotuela Vega, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vólvolle dicir o mesmo, parece que non quere vostede entendelo, de sesenta puntos cinco non son determinantes, xa lle pode dar vostede as voltas que queira, iso non é así; todo o que di esa carta é mentira, de sesenta puntos cinco non son determinantes.

Tampouco é certo que no concello de Becerreá non haxa procesos con iso, houbo un proceso o 22 de maio de 2018, entrou un auxiliar administrativo a traballar alí e tamén tiña dous puntos por unha entrevista, isto é así e non o estou inventando, o dato que me pasaron foi ese. O mesmo que é certo o outro dato de que dos dez puntos sete eran para a entrevista; e tanto é así que ata non hai moito vostede mesmo confiaba nos tribunais da Deputación e pedía tribunais a esta Entidade para os procesos selectivos, non sei se agora cambiou de idea.

Dende logo nin no departamento de Recursos Humanos, nin na Deputación, nin en ningún concello do PSOE, hai nin sequera un amigo nin un familiar deste Deputado que lle fala, nin sequera do meu pobo, non sei se vostede pode dicir o mesmo, eu si que o podo dicir; pero nin de ningún concello, nin da Deputación, nin de ningún sitio onde se traballe neste país, hai un familiar, un amigo, ou veciño de Ribas do Sil do Deputado que ten a dirección de recursos humanos da Deputación.

Dicirlle tamén que, aínda que vostede non aludiu a el vouno facer eu, nos contratos de prácticas, do que nos faltou por falar, si que teñen a entrevista porque é un contrato de primeira oportunidade, é un contrato por seis meses habitualmente, pode ser incluso por un ano se hai unha renovación, e incluso neste no que se está valorando un curriculum e uns méritos, vostede non se fíe do que lle din nesa carta, vaia comprobar persoalmente a modificación que hai neste tema, non hai modificación ningunha, se ti tes un curriculum profesional no que tes unha carreira profesional, se tes uns cursos, levas puntos suficientes, baremo de méritos para este caso, voullo ler tamén: experiencia laboral dous puntos, expediente académico dous puntos, se ten sobresaliente cinco puntos, outras titulacións tres puntos, nivel de coñecemento do galego un punto, idiomas comunitarios dous puntos, cursos de formación tres puntos, superación do exercicio noutros procesos un punto, entrevista curricular cinco; por tanto iso que a vostede lle din na carta non é certo, eu non superviso iso non o fago porque, entre outras cousas, confío plenamente nos

tribunais, pero non pode ser certo. Co cal a conclusión é moi clara, a entrevista é un método para seleccionar xente tan válido como calquera outro.

E cando falo do saqueto, hai que chamalo así porque hai unha saquiña na que poñen uns temas e o participante no proceso así o fai, lamento non ter esa verborrea fácil que teñen vostedes. Ademáis a entrevista é moi importante, e se vostedes a fixeran non se lles coaban másteres pagados con cartos ou conseguidos a través de presión política.

Sr. Armesto, xa que somos amigos e nos coñecemos, se tiveran feito a entrevista ó mellor no concello de Monforte non se lle coaba tamén algún que non querían que se coara”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Felicitalo, parece ser que non nos entendemos señor Sotuela, estamos falando da fase final, a entrevista é o último elemento desa oposición ou como queira vostede chamarlle, aí o cambio é definitivo.

E mire quen convocou esa praza de Becerreá ou quen foi o que fixo ese proceso selectivo, porque non se convocou ningunha praza de auxiliar administrativo agás unha procedente dunha subvención, coas condicións que poñía a subvención, non hai ningunha convocatoria en Becerreá en 2018, hai unha praza de auxiliar administrativo cunha subvención dun organismo determinado que puxo as condicións coas que tiña que seleccionarse, non as puxo o concello de Becerreá, e se encontra algunha rectifico.

Con respecto ós familiares, ímolo deixar así, porque hai o que se chama prazas colaterais nas que non se entra directamente pero que dependen desta Institución, dependeron e seguen dependendo, e eu creo que non debería escupir para arriba”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Neste sentido non sei se o Pleno pode tomar un acordo contradicindo o que a Lei permite, supoño que xuridicamente o dirá alguén.

Tamén dicir aquí a xente moito cambia de pensar, de onte a hoxe cambia bastante a situación”.

Por parte do Sr. Martínez Núñez maniféstase que el transmite o que a xente lle di.

O Sr. Presidente dille ó Sr. Martínez que el non o molestou mentres estaba intervindo, e que o avisa unha vez.

Continúa o Sr. Martínez coas suas manifestacións e o Sr. Presidente indícalle que o avisa por segunda vez, e se o avisa a terceira botarao, porque el non o interrompeu para nada, e que ten que respectar ós demais.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Respectar é a verdade, e pódese cambiar de opinión, como fai vostede faltando á súa palabra e botar catro anos igual, é iso o que vostede pide?”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Eu a vostede non o interrompín, e ninguén dixo que non puidera cambiar de opinión senón que dixeran que vostede cambia moito de opinión, e coas que leva feito vergoña lle debería dar”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ata o trinta de novembro de dous mil dezaioito, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2920 ata o 3285. Pleno da Corporación queda enterado.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

No se presentan.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente anuncia que hai un Rogo formulado polo Grupo Provincial do BNG, e dúas Preguntas formuladas polo Sr. Deputado non adscrito, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Formulado polo Grupo Provincial do BNG, en relación coa explotación do Club Náutico de Belesar (O Saviñao), do seguinte teor:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, deputados do Grupo do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan ante o Pleno da Corporación Provincial de Lugo e dirixido ao Presidente o seguinte Rogo referente á convocatoria pública do proceso de selección para a explotación do Club Náutico de Belesar (O Saviñao)

Exposición de motivos:

Antes do pasado verán procedeuse por parte desta Deputación á concesión da explotación do Club Náutico de Belesar a unha persoa que previamente o solicitara, sen que mediara ningún tipo de publicidade ou concurso público de ofertas para a súa adxudicación.

Nese momento existía interese por parte de distintas persoas e empresas do sector da zona en participar nun proceso de selección para a explotación dese club náutico, interese que quedou completamente cortado dado que non chegou a existir ese concurso.

Dado o acontecido nese momento, e dado que pensamos que o contrato vixente coa persoa que o está a levar remata este 31 de decembro, dende o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo non queremos que se volva a repetir esta lamentábel situación e é polo que presentamos ante o Presidente desta institución o seguinte

ROGO:

- Para que coa maior publicidade posible e co tempo suficiente se proceda a facer a convocatoria pública para a adxudicación do Club Náutico de Belesar, no Saviñao, para que deste xeito poidan participar en igualdade de condicións as persoas ou empresas que o desexen.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Xa se está traballando nese sentido, e xa se lle comunicou a ese señor que non seguía; e estase a levar a cabo a convocatoria para levar a concesión do Club Náutico de Belesar”.

PREGUNTAS

Primeira.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito, realativa a posibilidade de que pola entidade Suplusa se puidera intervir nos sectores da xeración e comercialización da enerxía eléctrica, que di o seguinte:

“Manuel Martínez Núñez, Deputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación de Réxime Local vixente e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, presenta a seguinte pregunta para a súa contestación no pleno:

O pleno da Deputación aprobou no pasado mes de xullo a encomenda de xestión para que a entidade SUPLUSA puidera intervir nos sectores da xeración e comercialización de enerxía eléctrica, deste acordo e doutros, como ven sendo habitual cando non lle gusta ó goberno en minoría desta entidade, nada máis se soubo, e por elo que Pregunto:

¿Cando ten previsto o Presidente comunicar dito acordo á entidade SUPLUSA, para poder executar a citada encomenda?”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“En canto a esta pregunta dicirlle que cando reúna os requisitos legais para ser medio propio desta Deputación se lle contestará”.

Segunda.- Formulada polo Sr. Deputado non adscrito, relativa á convocatoria de Pleno en relación con Suplusa, do seguinte teor:

“Manuel Martínez Núñez, Deputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación de Réxime Local vixente e no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, presenta a seguinte pregunta para a súa contestación no pleno:

O Consello de Suplusa, na súa reunión de data 08/05/2018, acordou solicitar, por maioría ao Pleno da Deputación, “que adopte acordo no sentido de tramitar e resolver o procedemento de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno de data 09/03/2018”, por consideralo manifestamente ilegal. Como no pasado pleno de 25 de setembro... contestou o seguinte a pregunta: ¿Cando pensa o Presidente da Deputación convocar o citado Pleno?.. da seguinte maneira:

“Eu penso convocalo cando o solicite quen se atope habilitado ou lexitimado para facelo e ante o órgano que corresponda”.

Polo menos non mentiu, pero a resposta é o mesmo que non contestar nada, como nos ten acostumados.

Como no pleno de 30 de outubro, non sabemos se por medo ou ignorancia, seguiu sen contestar a este deputado, engadindo ademais que o Pleno non era o órgano competente e xa que na miña ignorancia son incapaz de saber a quen me teño que dirixir para que dita solicitude se cumpra, e polo que reiteramos e preguntamos:

¿Cal é a persoa ou órgano, xa que o Pleno da Deputación non o é, a quen ten que dirixirse Suplusa, para que dito pleno se convoque?”.

“Neste sentido creo que se ten pronunciado xa o Consello Consultivo, que unificou doutrina, e os seus asesores estou seguro de que saben cal é esa doutrina, e pode consultala no Consello Consultivo”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.